CONTOS CELTAS

Tris Tram

Heroes míticos -como o rei Arturo ou Fionn-, princesas namoradas, elfos, fadas e meigas, palacios asolagados, bestas feroces, montes perdidos na brétema... Estes e moitos outros son os elementos que se dan cita en **Contos celtas**. Yann Brekilien, escritor bretón, afirma que non hai pobo no mundo con tanta imaxinación e fantasía como o celta. Este libro é unha boa ocasión para comprobalo. Máis que unha selección de relatos, é unha viaxe pola xeografía imaxinaria do mar de Irlanda, tan semellante á nosa. **Contos celtas** reúne historias tradicionais procedentes de Bretaña, Wight, Irlanda, Gales, Man, Escocia e as illas Hébridas. Son contos recollidos da tradición oral por quen non quixo que o tempo os borrase da memoria.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Servicio de Bibliotecas
1700202056

ISBN 84-89377-03-0

Tris Tram

9 788489 377035

CONTOS CELTAS

Tris Tram

L7At – Contos celtas 124-576

CONTOS CELTAS

Historias tradicionais de:
Bretaña
Illa de Wight
Irlanda
Gales
Illa de Man
Escocia
Illas Hébridas

Selección, traducción
e prólogo:
Equipo TrisTram

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
FACULTADE DE FILOLOXÍA
BIBLIOTECA

© dos relatos *Os pezuños de vaca encantados* e *Xaneiro e Febreiro*: 1991, Nature et Bretagne Spezed.
© da traducción: 1995, Equipo TrisTram
© da ilustración de portada: 1995, Antonio Pereira, Juan Rouco
© das ilustracións interiores: 1995, Ismael López Fernández
© da edición: 1995, Editorial TrisTram, S.L.
Avda. da Coruña, 21. 27003 Lugo. Teléfono: 982 250067. Fax: 982 253885
Deseño: Blades Comunicación

ISBN: 84-89377-03-0
Depósito legal: LU-71-1996
Impreso en Galicia

Quedan reservados tódolos dereitos

INTRODUCCIÓN

ódolos contos reunidos neste libro teñen en común a súa procedencia, nun dobre sentido. Por unha parte, son orixinais dos países que se reclaman celtas, aqueles que tenden fortes lazos de unión a través do Mar de Irlanda.

Por outra parte, e sobre todo, as historias de **Contos celtas** comparten o mesmo berce: son relatos da tradición oral, contos nacidos para ser contados, non para ser escritos; historias sen autor, que sobreviviron durante séculos ó abeiro das reunións entretidas por quen soubese contar con gracia vellas historias aprendidas dos seus antergos; que foron mudando conforme ó humor e talento dos seus relatores; que falaban de heroes míticos, fermosas princesas, elfos, fadas e meigas, palacios asolagados, bosques misteriosos envoltos na brétema, ...

En fin, historias todas que procuraban un pasado común ás xentes de cada país e que correron o risco de desaparecer cando o mundo mudou e borrou os tempos mortos que se enchían con aqueles relatos.

Onde primeiro se decataron da posible morte das historias tradicionais foi en Alemania. O proceso de industrialización do século XIX, coas enormes transformacións sociais que

levaba consigo, así como o afán por construír un corpus cultural para o nacente nacionalismo alemán, fixo xurdir os primeiros estudios folcloristas: había que recoller todas aquelas historias que só vivían na memoria dos vellos e darlles outro soporte máis sólido, que garantise a súa conservación no futuro; había que poñer aqueles contos por escrito. Nese labor destacaron os irmáns Grimm. As súas versións escritas de contos populares alemáns tiveron un enorme éxito e inspiraron a moitos outros folcloristas (daquela cuñouse o termo) por Europa adiante.

Se cadra debido a que a industrialización foi alí particularmente intensa, se cadra polos moitos países que acollía, en Gran Bretaña a corrente folclorista tivo unha gran actividade. Proliferaron durante o século XIX os investigadores que acudían ós lugares máis recónditos a escoitar, anotar e logo publicar os contos populares. De aí que, na súa maioría, os relatos incluídos neste libro se deban a estudiosos que, coa vista posta tanto no pasado como no futuro, puxeron daquela por escrito as historias que lles contaron, adquirindo así un estraño status, a medio camiño entre escritor e investigador, entre autor e testemuña.

Bretaña

Así pois, propoñémoslle, querido lector, unha viaxe de Sur a Norte polos contos populares dos países celtas, que acaba nas remotas illas Hébridas e se inicia na Bretaña. Unha viaxe da man de xentes como Yann Brekilien, autor obsesionado por recompilar a tradición oral bretona, que reclama para o seu labor, máis que o afán científico, o puro pracer da literatura. Así se pode apreciar nos dous contos aquí incluídos: **Os pezuños de vaca encantados** e **Xaneiro e Febreiro**,

ambos procedentes do seu libro *Contos e lendas do País Bretón* (1991). No prólogo do libro, Yann Brekilien non dubida en afirmar que "non hai pobo no mundo con tanta imaxinación e fantasía como o celta". Rotunda afirmación que ofrece como proba da súa veracidade estes dous relatos.

Illa de Wight

Preto da Bretaña, no Canal da Mancha, sitúase a illa de Wight. En 1839, Abraham Elder publicou o libro *Contos e lendas da illa de Wight*, no que aparecía **A lenda de Black Gang Chyne**, a loita entre un ermitán e un monstro que daría como resultado unha das máis desoladoras paisaxes da illa: os cantís de Black Gang Chyne.

Irlanda

De Irlanda seleccionamos tres relatos recollidos simultaneamente (na primeira metade do séc. XIX) por Thomas Keightley e Thomas Crofton Croker, dous folcloristas entre os que se estableceu unha auténtica rivalidade. Non é de estrañar, xa que poucos lugares pode haber no mundo tan propicios ós coleccionistas de historias marabillosas como Irlanda. A principal aportación de Thomas Keightley (1789-1872) foi a súa *Mitoloxía do Sobrenatural*, unha especie de diccionario enciclopédico sobre seres sobrenaturais (irlandeses, por suposto), entre os que se encontran os *merrows*, presentes no relato **A gaiola das almas**. Hai unha curiosa historia acerca deste relato: Keightley confesou que para escribilo se baseara, en parte, nun conto alemán e, en parte, era pura invención súa; sen embargo, logo resultou que aquela historia se coñecía nalgunhas zonas da costa irlandesa.

Thomas Crofton Croker (1798-1854) é un dos máis relevantes folcloristas do mundo británico do XIX. Walter Scott dixo del que era a máxima autoridade en supersticións e outorgoulle o título de rei da Terra dos Elfos. En 1825, publicou unha selección de contos irlandeses que tivo unha gran repercusión. **Fior Usga** é un deles e conta cómo quedou cuberto polas augas o palacio do rei Corc. Para explicar a abundancia de historias sobre cidades e palacios asolagados, Croker daba dúas razóns: a primeira era que se tratase de historias certas, das que el non dubidaba; a segunda, máis conforme ós gustos prosaicos dalgúns, faríaas proceder da ilusión óptica cando as montañas e as nubes se reflicten sobre a auga de lagos e rías. Tamén recollido por Croker, **O cabalo encantado** é un relato que combina dúas importantes tradicións irlandesas: a do risco de encontrarse no camiño cos *phookas* (animais encantados, moi perigosos para os viaxeiros nocturnos) e a de que un bo irlandés nunca se arrede demasiado dunha boa botella de *whiskey*.

Gales

Entre os relatos deste libro non podía faltar algún dedicado a un dos principais mitos célticos: o rei Arturo. Na outra beira do Mar de Irlanda, no País de Gales, contábase **Os guerreiros dormentes**, unha historia recollida por Elijah Waring e que dá resposta ó enigma de onde está enterrado Arturo. Sábese que hai dúas teorías. Unha afirma que os seus restos descansan na mítica illa de Avalon. A outra teoría, confirmada por este conto, sostén que Arturo non foi tan lonxe, que nin sequera morreu. Non adiantemos máis acontecementos; a resposta completa témola unhas páxinas máis adiante.

Considerado como o principal estudioso do folclore galés, John Rhys (1840-1916) foi quen recolleu **A dama de Llyn y Fan Fach** (o lago de Fan Fach), unha lenda que explica a orixe de toda unha tradición médica do campo galés e, ó mesmo tempo, ratifica que nada bo se pode esperar do matrimonio entre seres humanos e seres sobrenaturais.

O can negro do bosque é un magnífico exemplo do papel que xogaron os xitanos na conservación da cultura tradicional galesa. Francis Groome (1810-1889) dedicou a súa vida a coñecer as vellas historias xitanas, das que este relato forma parte. De xeito máis notable que outros colegas, Groome prestou especial atención a conservar a autenticidade do relato oral, mantendo as súas reiteracións, saltos narrativos e demais elementos propios das historias contadas.

O seguinte conto, tamén galés, apareceu publicado en 1847 no semanario británico *O Ateneo*, unha revista de literatura, ciencia e artes que mostraba un gran interese polo folclore. Ninguén asinaba este relato, **O gran xigante de Henllys**, que ten entre os seus atractivos a descrición dun exorcismo no século XVIII.

A potaxe de cascas de ovo pecha o capítulo dedicado a Gales. Foi Joseph Jacobs (1854-1916), historiador xudeu especializado en adaptar relatos tradicionais para nenos, quen o recolleu, abonando así a vella crenza de que os elfos poden causar máis dun problema cos cativos.

Illa de Man

No medio do Mar de Irlanda, e cun curioso status político que a sitúa dentro e fóra do Reino Unido, está a illa de Man. Man é famosa por tres razóns: os *rallies*, a severidade educati-

va e a case insalvable desconfianza dos insulares cara ós estranxeiros. Esta última é a característica que nos importa, xa que supuxo un considerable obstáculo para os que acudiron alí a realizar investigacións folclóricas: a penas ninguén lles contaba nada.

De feito, foron funcionarios británicos, desprazados á illa con outros obxectivos, os que puideron sacar algo en limpo. É o caso de Joseph Train, autor dun *Informe histórico e estatístico da illa de Man* (1845). Train foi quen de dar cunha curiosa explicación da **Orixe do símbolo da Illa**, da esvástica de tres brazos (mellor dito, tres pernas) que figura na súa bandeira.

Xusto un século antes, o funcionario de comercio George Waldron aproveitou a súa estancia na illa para escribir unha *Historia e Descrición da Illa de Man*, e rescatar do esquecemento relatos como **O misterioso comprador de cabalos**, apoloxía da honradez nos intercambios comerciais, mesmo con clientes doutro mundo.

Escocia

Con Irlanda, Escocia foi o gran paraíso dos folcloristas decimonónicos, apoiados por personalidades coa categoría de Walter Scott e por unha terra onde o mar, as montañas e os vales debuxan labirintos e escenarios que máis semellan imaxinados que naturais.

Se cadra, foi a riqueza imaxinaria da terra escocesa a que levou a Hugh Miller (1802-1856), xeólogo de profesión, a desviar o seu interese das formacións rochosas ós contos populares. Del incluímos aquí unha das versións máis breves da historia de **A marcha dos elfos**, tamén contada, máis de vagar, por Rudyard Kipling en **Puck of Pook's Hill**.

Os outros dous relatos escoceses incluídos no libro foron recollidos por John Francis Campbell (1822-1885). Campbell soubo conciliar o seu traballo como alto cargo do goberno da Súa Maxestade coa investigación folclorista. En realidade, o que fixo del un dos maiores especialistas no tema foi a súa capacidade organizativa (nacida da experiencia no goberno) coordinando con rigor e éxito a un numeroso grupo de investigadores de campo. **Cómo o lobo perdeu o rabo**, o primeiro dos relatos seleccionados, é unha historia, segundo Campbell, chegada desde Escandinavia a Escocia moitos séculos atrás.

Diarmaid e Grainne ten unha raizame máis fondamente escocesa, ou mellor dito, gaélica, xa que forma parte da gran saga de Fionn, compartida por Irlanda e Escocia. Fionn é un heroe mítico comparable, en máis dun sentido, co rei Arturo. De nome completo Fionn mac Cumhaill, disque foi un rei que viviu no século III e a quen a tradición inmortalizou xunto coa súa *Fianna*, grupo de guerreiros e cazadores, moi semellante ós cabaleiros da Táboa Redonda. No presente relato cóntase a tráxica historia protagonizada por Grainne, esposa de Fionn, e o guerreiro Diarmaid, sobriño deste.

Illas Hébridas

A nosa viaxe remata nas illas Hébridas, situadas no noroeste de Escocia. En concreto, o relato seleccionado, **Garlatha**, ten lugar nas illas máis exteriores. A historia, recollida por John Gregorson Campbell (1836-1891), folclorista orixinario das Hébridas, parece lembrar a algunha pasaxe do **Orlando Furioso**.

Cousa nada estraña, se temos en conta a infinidade de fontes das que pode beber e medrar algo tan vivo como a cultura popular. O bretón Yann Brekilien sostén que as historias contadas nos países celtas son as mesmas que en outros puntos de Europa. A diferencia, segundo Brekilien, estriba en que nos países celtas a esas historias se lles imprime "unha orixinalidade e un engado extraordinarios".


BRETAÑA

OS PEZUÑOS DE VACA ENCANTADOS

YANN BREKILIEN

Isto ocorreu nunha época
en que as ras tiñan pelo.

Naquel tempo vivían na mesma parroquia dous irmáns, Lomig e Youenn, que eran labradores de oficio. Pero mentres Lomig casara cunha rica herdeira e vivía folgadamente nunha fermosa granxa, Youenn só tiña unhas hectáreas de landa. Vivía nunha miserable palloza e, como era pai dunha prole numerosa, na súa mesa eran máis frecuentes as patacas cocidas que o filete con patacas fritas. Así e todo, a alegría reinaba na casa, satisfeito cadaquén coa súa sorte, e da mañá á noite sentíanse risos e cantos.

Unha tarde de inverno, Youenn decatouse de que se lle acabaran as provisións de leña e decidiu ir recoller pólas secas ó bosque veciño. Colleu a súa fouce e encamiñouse cara ó bosque.

Internouse no corazón do souto asubiando unha melodía, e púxose á faena de cortar as pólas secas que puidesen servir para facer un bo lume. Pero a fouce estaba tan usada e roma que facía un ruído terrible. O ruído atraeu a atención dunha

vella que pasaba polo camiño que había a carón. E foi onda el.

- ¿Que fas aí, home de Deus? - preguntoulle.

- Xa ve, miña tía (para nós, os bretóns, tódalas mulleres de avanzada idade son nosas tías). Recollo leña para quentar a miña palloza e ós cativos que hai dentro.

- E logo, ¿tan pobre es?

- ¿Pobre? Abofé que si, pero non sinto vergoña, porque ser pobre non é pecado.

- ¿E non preferirías, así e todo, ser rico?

- Boh, ... Encóntrome ben conforme estou. Pero, en fin, se Deus quixese favorecerme con algo máis de cartos para alimentar mellor á miña camada, non me había desgustar.

- Pódoche indicar o xeito de facerte tan rico como queiras.

- ¿Que habería que facer?

- Pouca cousa. ¿Tes unha vaca?

- Si. Só teño unha, toda vella e famélica, pero aínda dá un pouco de leite.

- Ben. Tes que degolala e cortarlle os catro pezuños. Se lanzas un pezuño pola lareira da casa, terás todo o que pidas.

- ¿E iso é todo o que teño que facer?

- É todo.

- Mil gracias, miña tía. Que Deus a bendiga. Agora mesmo vou degolar á miña vella vaca famélica.

Deixou alí o feixe de leña e apurou a volver á casa. Colleu un coitelo grande e foi á corte para matar á pobre e vella vaca famélica e cortarlle os pezuños. Cando volveu á casa, levando os catro pezuños, a súa muller abriu moito os ollos, sen entender nada, e preguntoulle:

- ¿Que pasa? ¿Non son eses os pezuños da nosa Béching? ¡Santa Ana bendita! ¿Que lle pasou?

- Mateina eu mesmo.

- ¿Mataches á nosa Béching? ¿Toleaches? ¿Quen vai dar leite agora ós nosos nenos?

- Non te preocupes por iso...

Informouna do encontro que tivera no bosque e do consello que lle dera a vella.

- Pero -protestou ela-, ¿e se esa vella se riu de ti? ¿Se non houbese nada de certo no que che contou?...

Youenn rascou a cabeza. Se cadra, fora demasiado a présa. Debería terse parado a pensalo un pouco máis. En fin, de tódolos xeitos, o feito feito estaba e non quedaba máis que comprobar os poderes dos pezuños da pobre Béching. Lanzou un pola lareira dicindo:

- ¡Aí vai o primeiro pezuño!; que apareza aquí, sobre a mesa, unha bolsa chea de ouro e prata, que nunca dea quedado baleira.

E, de sutaque, apareceu no medio da mesa unha bolsa chea de ouro e prata. Tódolos nenos aplaudiron e a nai de familia abrazouse ó seu marido chorando de ledicia e dándolle as gracias por ter a audacia de seguir, sen dubidalo, o consello da *gwrac'h*[1].

- Tócache a ti -dixo Youenn de bo grao-. Lanza o segundo pezuño ben recto para que salga polo alto da lareira e pide un desexo.

- Pois que a nosa pobre palloza, rodeada de landa, se transforme nun fermoso casal entre pastos e terras de labor.

A penas acabada a frase, xa a choupana con chan de terra batida e tellado de palla se convertera no casal máis aquelado do país, con sólidos muros de granito, un gran tellado de lousa e arcos en forma de asas de cesto. Todo ó redor estendíanse

[1] *Meiga, en bretón. (N. do T.)*

verdes prados e leiras de fermosa terra parda. A familia, entusiasmada, fixo en procesión o percorrido pola propiedade. Encima dunha gran sala con teito artesoado, chan de madeira e ricos mobles, dunha cociña chea de obxectos de cobre brillante, dunha habitación de servicio e dunha leitería[2], estendíase un piso onde cada quen tiña a súa habitación comodamente equipada. Do outro lado da eira, nas cortes, había un vigoroso cabalo e catro vacas ben alimentadas, e os hangares contiñan coches e maquinaria de todo tipo. Logo de admiralo todo a pracer, pais e fillos percorreron a grandes pasos as cinco hectáreas de rica terra de labor e de pasto que substituíran á landa. Logo volveron entrar no casal e a nai de familia díxolle ó seu home:

- Ti, Youennig, lanza o terceiro pezuño e pide un desexo.

- Pois ben, que conservemos todos a saúde ata o día marcado para cada un de nós, cando a nosa alma deba dicir adeus ó seu envoltorio humano.

E, ¡hop!, alá foi o terceiro pezuño pola lareira.

- Tócache a ti -díxolle Youenn á súa muller.

- Eu pido para cada un de nós o paraíso ó remate dos nosos días.

E alá foi o derradeiro pezuño.

Ó día seguinte, pola mañá cedo, Lomig, o irmán de Youenn, díxolle á súa muller:

- Teño que ir onda meu irmán. Presteille cartos para que pagase os impostos cando estaba ameazado de embargo. Chegou o prazo e, se non lle vou reclamar que mos devolva, corro o risco de non volver ver nunca a cor dos meus cartos.

---

[2] *Habitación dos antigos casais na que se recollía o leite e se elaboraban a manteiga e mailos queixos. (N. do T.)*

- Non esquezas esixirlle os intereses. Porque sexa teu irmán non hai que regalarlle nada.

Lomig púxose en camiño. Cruzou o bosque por unha corredoira que logo continuaba a través da landa... ¡Pero xa non había landa! O camiño zigzagueaba entre fermosas terras de labor.

- ¡Non pode ser! Youenn non puido arranxar toda esta extensión de terreo. Ademais, era terra erma, non podía dar nada bo. Desde logo, non podía dar campos tan ricos coma estes. E, sen embargo, non me trabuquei de camiño. Coñezo o itinerario como a palma da man. Recoñezo, ademais, perfectamente aquel gran carballo. Despois dese carballo, o camiño fai unha curva e verei o caseto de meu irmán.

Logo de pasar o carballo e a curva do camiño, buscou en van a palloza e preguntouse se non estaría vendo visións. No canto da pobre choupana vía un precioso casal que, polo que lembraba, nunca alí houbera.

- ¡Isto é ben raro! Aquí estaba a casa de palla do meu irmán, pero xa non está. Sen embargo, non había ese casal e agora haino. Pregúntome qué pasaría. Teño que pescudalo. Vouno preguntar nese casal.

Cando entrou na eira, a primeira persoa que viu foi seu irmán Youenn.

- ¡Vaia! - exclamou. ¿Agora es criado neste pazo?

- Criado, non. Se cadra, propietario.

- ¿Propietario ti?

- Pois si.

- ¿E como foi iso?

- De xeito ben curioso: por mor dos catro pezuños da miña vaca.

- Non te rías de min. En todo caso, vexo que os teus nego-

cios foron a mellor. De feito, víñache lembrar que me debes uns cartos e que o prazo acaba hoxe.

- Pois claro; douche o que che debo agora mesmo.

- Perfecto. Só que, claro, a vida é dura: teño grandes cargas. Podía ter posto estes cartos no banco ó oito ou ó dez por cento. Estou obrigado, halo entender, a pedirche intereses.

- É o mínimo. ¿Vaiche ben co trescentos por cen?

Lomig a pouco máis afoga. Youenn deulle de sutaque moedas de ouro por valor catro veces superior ó que lle debía. Logo explicoulle como se fixera rico gracias á *gwrac'h*, a vella fada do bosque.

De volta para a súa casa, Lomig díxose: "Vou coller eu tamén a miña fouce e vou facer como se apañase feixes de leña no bosque. Se cadra, pásame como a meu irmán".

Pero a súa fouce era de bo metal e estaba ben afiada. Cortaba nidiamente as pólas, case sen ruído, e a *gwrac'h* non aparecía. Ocorréuselle entón a idea de golpear co lado oposto ó afiado e a vella non tardou en chegar.

- ¿Que fas aí, home de Deus? - preguntou ela.

- Recollo leña seca.

- E logo, ¿tan pobre es?

- Tan pobre, desgraciadamente, como o santo Job.

Un sorriso asomou no rostro da vella.

- Supoño que preferirías ser rico.

- ¡Claro que si! ¡Abofé!

- Ben. ¿Tes unha vaca?

A piques estivo de responder que tiña unhas vinte, sen contar os becerros, pero detívose a tempo, decatándose de que iso podía prexudicar a súa imaxe de pobre como o santo Job, e contentouse con facer un aceno afirmativo coa cabeza.

- Tes que degolala, cortarlle os catro pezuños e todo o que

pidas ó lanzar un deles pola lareira da túa casa teralo.

- Pois vou agora mesmo.

Sangrou a máis fermosa das súas bestas, cortoulle os pezuños e levounos á casa. A súa muller botoulle unha boa reprimenda. ¡Tiña que estar tolo! ¡Matar a mellor leiteira do seu cortello! ¡Unha vaca como, se cadra, non había dúas no mundo! ¡Era unha vergoña! Merecía que lle rompese a vasoira no lombo.

- Acouga - respondeulle. A *gwrac'h* do bosque enmeigou estes catro pezuños e cada vez que lancemos un pola lareira pedindo un desexo, realizarase.

- ¿E ti cres nesas parvadas? !Señor, Señor, que desgraciada son por ter casado cun home tan parvo! De momento, só tes que facer unha cousa: quitarlle a pel á vaca e vendela na feira de Landivisiau.

- Pero...

- ¡Non hai "pero" que valla! Vai axiña para chegar antes de que marchen os tratantes de coiros.

Empuxouno fóra e non lle quedou máis que obedecer, dicíndose que tería tempo á volta para conseguir dos catro pezuños tódalas riquezas que desexaba.

Mentres estaba na cidade, a muller instalouse nunha esquina da lareira para darlle o biberón á súa neniña. Contemplando os catro pezuños da vaca, díxose que, así e todo, tiña que pescudar se había algo de verdade naquela historia do encantamento. Só había un medio de asegurarse: facer unha proba. Se era certo, aínda quedarían tres pezuños utilizables.

Pousou o biberón e colleu un dos pezuños, que lanzou pola lareira dicindo o primeiro que lle veu á cabeza.

- Que esta miña neniña teña unha gran barba, parecida á do seu pai.

E así quedou a desgraciada rapaciña, cunha longa barba negra que lle facía parecer unha besta salvaxe. A súa nai decatouse un pouco tarde da parvada que cometera. Colleu as tesoiras para quitarlle á cativa aquela inoportuna pelaxe. Pero conforme ía cortando, a barba volvía medrar máis longa e poboada. A pobre cara da pequena estaba completamente cuberta e custaba traballo verlle os ollos.

Tal espectáculo destrozaba o seu corazón de nai e rompeu a chorar. Fíxose amargos reproches ata o momento en que pensou que o que un pezuño de vaca fixera outro pezuño de vaca podía desfacer. E lanzou un segundo pezuño pola lareira pedindo a desaparición da barba. A neniña recuperou de sutaque a súa cariña de antes.

Lomig volveu de Landivisiau de bastante mal humor. Vendera o coiro, pero a un prezo irrisorio, porque as cotizacións estaban moi baixas. O primeiro que fixo ó chegar foi buscar os seus pezuños de vaca. Por suposto, só encontrou dous.

- ¿Onde están os outros dous? - preguntoulle á súa muller.

Esta desfíxose en bágoas e explicou o que pasara.

- ¡Daquela, fixéchela boa! - estoupou Lomig. ¿Non podías esperar tranquilamente a miña volta, non si? ¿Tiñas necesidade de xogar cos pezuños? ¡Setecentas barricas de lóstregos! Nunca vin unha muller tan estúpida. ¡Oh! ¡Diantre! ¡Quixera que che crecese unha cabeza de vaca!

E cun aceno rabioso polo pracer de ver que a súa maldición se fixese realidade, lanzou un dos dous pezuños que quedaban pola lareira.

Diante do espectáculo da súa media laranxa mostrando un rostro bovino cuberto de pelos, con manchas brancas e negras, con grandes ollos doces e parvos, un longo fouciño

rosado, orellas como pratos e, por riba de todo, dous fermosos cornos, empezou a retorcerse de risa. Pero a pobre muller muxía penosamente e xuntaba as mans para que se apiadase dela. Mesmo se axeonllou diante súa. Cada vez que intentaba falar só saían da súa boca longos muxidos. Cando el se fartou de rir, ela acabou por coller lapis e papel e escribiu: "¿Pensaches en como se van mofar de ti os teus veciños? Vas ter tanta vergoña coma min. Prégocho, lanza o derradeiro pezuño pedindo o desexo de que recupere o aspecto humano".

El tivo que recoñecer que nunca se atrevería a presentarse en ningures levando unha muller con cabeza de vaca. Máis valía sacrificar o derradeiro pezuño que sufrir tal vergoña. Lanzou o derradeiro pezuño dicindo:

- ¡Que a miña muller recobre a súa cabeza de muller!

E así foi como Lomig e a súa muller deixaron pasar a ocasión de facerse moi ricos. Pero sen dúbida ningunha é mellor así, porque non saberían dar ás súas riquezas o bo uso que Youenn e a súa esposa fixeron coas deles, axudando ós seus semellantes e conservando a súa sinxeleza.

XANEIRO E FEBREIRO

YANN BREKILIEN

Isto ocorreu nunha época
en que as ras tiñan pelo.

Érase unha vez un vello que tiña dous fillos, Xaneiro e Febreiro. Como Xaneiro sempre precede a Febreiro, Xaneiro era o primoxénito. Cando cumpriu os vinte anos, o seu pai díxolle que era hora de que se gañase a vida e el púxose en camiño para atopar traballo. Viu unha fermosa senda rodeada de faias, seguiuna e chegou diante dun magnífico castelo. Petou na porta e preguntoulle ó porteiro se non precisarían un servente. O porteiro fíxolle pasar e levouno onda o conde, o dono do castelo.

- ¿Queres traballar de servente? - preguntou o conde. Chegas en bo momento, porque busco un. Pero, ¿que sabes facer?

- Un pouco de todo, señor.

- Perfecto. Gústasme; contrátote. Estarás ben pagado e velaí todo o que vas ter que facer: tódalas mañás irás traballar ó xardín, ás leiras ou ó bosque, segundo o que se che diga, e cando se poña o sol volverás ó castelo e deberás ocuparte dos nenos e facer todo o que che pidan. O

teu contrato rematará cando o cuco cante.

Discutiron a contía do salario e o que se acordou era máis do dobre do que gañaban habitualmente os criados de granxa no país. Pero o conde advertiu a Xaneiro:

- ¡Coidado!, sexa o que sexa o que se che ordene, non deberás ter queixa; se non, quedarás despedido, non cobrarás un peso e quitareiche unha tira de pel das costas, desde a caluga ata o talón.

- Ben. ¿Pero se é vostede, señor, quen se queixa?

- ¿Se son eu?... Pois ben, será o mesmo. Quitarasme unha tira de pel das costas, desde a caluga ata o talón.

- Daquela, estou conforme.

Ó día seguinte pola mañá, enviaron a Xaneiro á landa a segar a herba xunqueira. Foi con el un dos dogos do conde, sempre que semellaba ir parar de segar, aínda que só fose para prender a súa pipa, o animal mostrábase ameazante, refungaba, regañaba os dentes e manifestaba a máis evidente determinación de facerlle unha desgracia se non volvía ó traballo de contado. Tivo que segar e segar sen parar, ata que unha criada do castelo lle trouxo a comida do mediodía. Chegou con dúas friameiras de sopa: unha de pan branco e caldo de carne, a outra de pan negro e caldo de legumes. Foi coller a de pan branco.

- ¡Quieto aí! - parouno a criada. Esta é a sopa do can. A túa é a de pan negro e legumes.

Pola noite, cando volveu á cociña do castelo, os outros criados xa estaban á mesa e a condesa servíalles a carne. Deuse présa en tragar a súa escudela de sopa, pero de repente un dos nenos chamou porque tiña unha necesidade urxente.

- Ti, o novo servente - dixo o conde -, érguete e lévao fóra a facer as súas necesidades.

Cando volveu, outro neno pediu o mesmo. Pasaron todos, uns tras outros. Cando, por fin, Xaneiro puido volver sentar, a cea rematara.

- Aquí a regra - dixo o conde - é que o que chega despois de que a mesa estea recollida debe pasar sen comer.

Ó día seguinte, Xaneiro tivo que plantar repolos nunha gran leira. O dogo acompañouno outra vez; cando paraba de traballar un momento, o animal saltaba sobre el, refungando. Ó mediodía, a criada volveu outra vez con dúas friameiras de sopa, a de pan branco para o can e a de pan negro para Xaneiro. Cando volveu pola noite, esperaba que esa vez os nenos lle deixasen comer en paz. Pero de seguida quixeron saír como o día anterior e, cando o servente rematou con eles, a mesa xa estaba recollida. Esta vez protestou.

- Señor - dixo ó conde -, traballei duramente todo o día. Preciso comer.

- ¡Síntoo! Advertincho: o que chega despois de que a mesa estea recollida debe pasar sen comer.

- ¡Pero non pode ser! É completamente inxusto; non estou conforme. Non se poden impoñer regras tan inhumanas.

- ¿Non estás contento?

- ¡Pois claro que non! ¡Non estou contento!

- Pois ben, ¡peor para ti! Ímoste quitar unha tira de pel das costas, desde a caluga ata o talón. ¡Vamos, rapaces!

Malia os gritos, os outros serventes quitáronlle a roupa ó pobre Xaneiro, deitárono sobre a mesa e termaron del mentres o conde lle arrancaba unha tira de pel, de dous dedos de ancho, desde a caluga ata o talón.

Volveu á casa todo desfeito, sufrindo o martirio e sen un peso enriba. Entre queixas e suspiros, contou as súas desventuras. Entón o seu irmán Febreiro declarou:

- Vou ir traballar nese castelo e saberei facerme devolver a pel do meu irmán e tamén sacarlle unha correa de pel ó patrón, ¡ou deixo de chamarme Febreiro!

Foi ó castelo onde traballara o seu irmán e o conde contratouno como servente nas mesmas condicións.

O primeiro día enviárono a unha gran leira a plantar repolos e o dogo do conde acompañouno, ameazando con facerlle unha desgracia sempre que semellaba ir parar. Ó mediodía, a criada trouxo as dúas friameiras de sopa: unha de pan branco e caldo de carne para o can e outra de pan negro e caldo de legumes para Febreiro. Cando, á noite, o novo servente entrou na cociña, xa o resto do persoal estaba á mesa. Deuse présa en tragar a súa escudela de sopa, pero de seguida un dos nenos chamou porque tiña unha necesidade urxente.

- Veña, novo servente - dixo o conde.

- Si, si - respondeu Febreiro.

Cando se ocupou, un tras outro, de tódolos nenos, a cea xa rematara e tivo que irse deitar co ventre baleiro.

Ó día seguinte pola mañá, o conde enviouno a cortar herba xunqueira á landa. O dogo foi con el.

- Non preciso deste animal.

- Tanto se o precisas coma se non, vai contigo.

- Vale. Que sexa o que Deus queira.

Cando levaba segado un cuarto de ferrado da landa, parou a prender unha pipa. O can saltou cara a el, refungando e regañando os dentes.

- ¡Ah!, ¿con que si? ¡Espera un pouco, compañeiro!

E cun golpe de gadaña cortoulle a cabeza ó animal. Tirou o cadáver ó fondo da gabea e sentou á sombra a fumar en paz a súa pipa. Cando a criada chegou coa comida do mediodía, estrañouse.

- ¿Que fas ti aí? ¿Onde está o can?

- ¿O can? ¿Son eu o gardián do can? Se queres saber onde esta, só tes que buscalo.

Mentres ela o buscaba, el comeu a sopa de pan branco e de caldo de carne. Por fin, ela descubriu o corpo do can no foxo.

- ¡Desgraciado! ¡Fixéchela boa! ¡Matar o can do patrón!

Marchou correndo ó castelo a dicirlle ó seu amo:

- ¿Sabe vostede que pasou? Febreiro cortoulle a cabeza ó seu can.

O conde foi á landa de contado.

- ¡Mataches ó meu can, miserable!

- Mateino e non o lamento. Non era un can, era un demo. Ademais, advertinlle que non quería a súa compaña.

- É unha perda da que nunca me hei consolar. ¡Non es máis que escoura!

- ¿Non está contento, meu amo?

- ¿Contento?... Eh... Non dixen iso... Pero, así e todo, ¡matar ó meu can! ¡Nunca tal vin!

O conde deu volta e marchou. Pola noite, mentres Febreiro se daba présa en tragar a súa sopa, un dos nenos chamou porque tiña unha necesidade urxente.

- ¡Oh! ¡Déixame en paz, besbello! - irritouse Febreiro.

Pero o pai de familia interveu moi cortante.

- Veña, Febreiro, lévao fóra.

- Ben.

Febreiro colleu ó neno e tirouno pola fiestra.

- ¿Que fixeches? - berrou o conde. ¡Tirar ó meu fillo pola fiestra!

- Mañá procurará facer as súas necesidades antes da cea. Non quero ver pasar a carne diante miña sen catala.

- ¡Merecías que te estrangulase!

- ¿Non está contento, meu amo?

- ¿Contento?... Eh... Non dixen iso... Pero, así e todo, ¡tirar ó meu fillo pola fiestra! ¡Nunca tal vin!

Ó día seguinte enviaron a Febreiro a gardar as vacas na landa. Pasou un tratante de animais.

- ¿É teu ese rabaño? ¿Tes vacas en venda?

- Véndochas todas a bo prezo, agás a vella rubia que está aí. Pero cunha condición: que o teu axudante e ti me botedes unha man para subir a vella rubia a unha maciñeira.

- ¿Subir unha vaca a unha maciñeira? ¡Que idea tan rara! Pero, se nolas vendes baratas, estou conforme.

Subiron a vella vaca rubia á maciñeira. Febreiro meteu os cartos da venda no peto e volveu ó castelo; díxolle ó conde:

- Houbo un vendaval espantoso e o vento levou tódalas bestas ó mar, onde afogaron, agás unha que quedou atrapada nunha árbore.

- Mentes; non te crerei ata que vexa cos meus propios ollos a besta atrapada na árbore.

- Veña vela. Poderá comprobar que non lle mentín.

Cando o señor viu a vaca na maciñeira, non dixo máis nada. Mandou a Febreiro a gardar os cochos na pradería de abaixo, cerca da cal había un pantano con tanta lama como para fundirse nel.

De alí a un pouco, deu en pasar por alí un tratante de cochos.

- ¿Son seus estes porcos? ¿Ten algún en venda?

- Abofé que chos podo vender todos a bo prezo, agás este de aquí, o máis pequeno. Pero a condición de que me deixes os rabos dos outros.

- ¿Deixarlle os rabos? Que idea tan rara. Pero, se me vende os animais a bo prezo, estou conforme.

Febreiro meteu os cartos da venda no peto. Plantou na lama tódolos rabos e enterrou ó porco pequeno, deixando fóra só o seu rabo retorcido. Foi na procura do conde:

- Os cochos, con perdón, sentiron ouvear ó lobo e colleron pánico; botáronse todos ó pantano.

O conde foi ó lugar. Tirou dos rabos, pero quedáronlle todos (¡como non!) nas mans.

- Non sabe facelo, señor - dixo Febreiro.

El sabía onde enterrara o porco pequeno. Tirou do rabo e sacou da lama o animal enteiro. O conde non puido dicir máis nada. Pero, á noite, preguntoulle á súa muller:

- ¿Que imos facer deste Febreiro? Cortoulle o pescozo ó mellor dous meus cans; tira ós nosos fillos pola fiestra; cando garda as vacas, o rabaño desaparece; cando garda os cochos, con perdón, o rabaño pérdese no lodo. Vainos arruinar.

- Dálle de seguida o seu salario e que marche.

O conde chamou a Febreiro.

- Estíveno pensando: xa non preciso dos teus servicios. Vouche pagar todo o que che debo e poderás volver á túa casa.

- ¡Diso nada! Non pode romper o contrato así. Conviñemos que o contrato remataría co primeiro canto do cuco; non marcharei antes de que sintamos o primeiro cuco.

Cando o conde informou á súa muller desta resposta, ela díxolle:

- ¡Teño unha idea! É moi fácil: mañá subo a algunha árbore do bosque. Ti leva a Febreiro a dar unha volta por alí e, cando pasen, imitarei o canto do cuco.

Pola mañá o conde explicoulle a Febreiro:

- Temos que atopar o lobo que, segundo ti, asustou ós meus cochos. Collamos cada un un fusil e vaiamos ó

bosque na súa procura.

A penas deran uns pasos baixo as árbores cando se sentiu entre as pólas: "¡Cucú! ¡Cucú!".

- ¡Escoita! - dixo o conde. Velaí o cuco, que canta.

- ¡Ah!, ¡vaia! - estrañouse Febreiro. É a primeira vez que escoito o cuco nesta época do ano. Este cuco non debe de ser un espécime como os demais. Teño que ver de preto ese paxaro tan raro.

Antes de que o conde puidese impedilo, colleu o fusil e disparou en dirección á voz. Houbo un gran ruído nas pólas e o corpo sangrante e dislocado da condesa caeu diante súa, a vinte pasos.

- ¡Asasino! - berrou o conde. ¡Miserable! Disparácheslle á miña muller.

- ¿A súa muller? Non lle disparei á súa muller; dispareille a un cuco.

- ¡Maldito can!, ¡demo!, matáchela. ¡Deus!... ¡Deus!... ¡Miña pobre muller!

- ¿Que, meu amo? ¿Non está contento?

- ¿Contento? ¿De que matases á miña muller? ¡Ah, non! Non estou contento. ¡Vasmas pagar!

Ergueu o seu fusil, pero Febreiro desviou a arma.

- ¡A modiño, señor!... Lembre o noso acordo. Débeme unha tira de pel das súas costas desde a caluga ata o talón. Iso é o acordado.

O conde tivo que deixarse quitar unha tira de pel das costas desde a caluga ata o talón. Pagou a Febreiro o montante do salario e devolveulle, ademais, o anaco de pel do seu irmán Xaneiro, que estaba colgado, con moitos outros, na parede da súa habitación.

Febreiro chegou á súa casa enchido de orgullo, levando en alto as dúas tiras de pel e unha bolsa ben chea. O seu pai e o seu irmán fixéronlle a festa e mataron un xato na súa honra. Houbo unha gran comida da que se lembraron moito tempo no país.

illa de
Wight

A LENDA DE BLACK GANG CHYNE[1]

ABRAHAM ELDER

Houbo un tempo en que os habitantes de Wight sentían
auténtico medo,
cando vivían baixo o terror do xigante de Chale.
O xigante de Chale era poderoso e grande,
e prefería a carne humana á de porco.
Escollía ós que eran altos e fortes,
e cos gordos facía estufado na súa propia salsa.
Ataba ós nenos con cordas de arame
e asábaos na grella con lume de carbón.
Pintaba as mans co sangue vermello da xente.
Ría, axitando as illargas, e dicía:
"Non temo ó santo na súa cela solitaria;
Non temo ó libro, nin temo á campá;
Non temo ó ceo, nin temo ó inferno;
Vivo de carne humana e séntame moi ben".

***

O santo estaba en xeonllos, rezando
por aqueles que morreran, e os que habían morrer.

---

[1] *Black Gang Chyne é o nome dun cantil, particularmente inhóspito, da illa de Wight. (N. do T.)*

E cando alzou a voz en oración
escoitou as blasfemias voando polo aire.
O santo sentiu un gran medo
e puxéronselle de punta tódolos pelos da cabeza,
pois sabía que chegara a hora fatal:
cando os espíritos da terra e do mar se fan fortes
e todo o que é santo treme e se acovarda,
pois prevalece o espírito do pecado.
O diabólico riso fíxolle arrepiar ata os ósos
e contestou con xemidos ó son daquela gargallada.

***

Chamou a aquela voz que traía o vento:
"¿Quen es?, ¿de onde ves?
¿Quen se vai comer ó santo na súa cela?
¿Quen non teme ó libro, nin teme á campá?
¿Quen non teme ó ceo, nin teme ó inferno,
senón que vive de carne humana e lle senta ben?"

***

O rexo xigante saíu da súa guarida
cando escoitou as preguntas que soaban no aire.
Entón serviuse unha copa chea de sangue
e meteu as mans naquela comida ensanguentada.
Fixo un signo coa man, vermella de sangue,
e debuxouno sobre a area.
"Farei que treme e se acovarde o espírito
de quen preguntou polo ogro de Chale.
Rétolle a que se encontre comigo no terror da medianoite,
cando os cornos da lúa estean sobre as nosas cabezas.
Pois entón os espíritos de abaixo e os de arriba,
e tamén os da terra, virán convidados a cear.

Entón os diaños que cabalgan sobre o vento deserto
cantaranlle con lóstregos quen son e de onde veño".

***

Cando secou o sangue do signo, escoitouse
por todas partes un son asubiante.
Cantou na cova dos trasnos de Culver.
Cantou nos cantís e sobre as ondas.
Cantou na praia xeada de Hecla.
Cantou na area ardente do deserto.
Cantou por riba das montañas e das nubes.
O son baixou ata o fondo do océano
E espertou ós quelpos do seu sono vespertino.
E aínda que a noite era clara e tranquila,
o vento parecía asubiar no outeiro de Katherine.
Pero o son non entrou na capela sagrada,
porque alí estaba o signo da cruz.
O signo sanguento era un signo de poder
para todos aqueles que foxen da luz.
Tanto ten que sexa un trasgo ou un neno de barro,
todos deben obedecer ó signo sanguento.

***

O santo sentiu un gran medo
cando as palabras do xigante soaron nos seus oídos.
Pois o xigante era poderoso nas artes máxicas.
E así como a de Halowe'en era unha hora de terror,
non había hora máis aterradora que a da medianoite,
cando os cornos da lúa están sobre as nosas cabezas.
O santo fora retado a ir aquela noite,
ou tería que recoñecer o seu medo á maxia do xigante.
Levou consigo un bordón de freixo da montaña,
o seu cabazo e a súa fe de pelegrín.

Non desdeñou levar licor de cebada,
para se protexer do frío,
pois xa era vello e débil.
A medianoite, saíu da súa cela solitaria
cara ó pequeno val cheo de flores onde vivía o xigante.
A cova do cruel xigante estaba
nun fermoso val, preto do mar.
O val estaba cheo de vida,
pois nel medraban todo tipo de flores.
Alegres violetas e rosas,
altas en primavera, adornaban o camiño.
A campaíña azul saudouno movendo a cabeza
e o narciso amarelo sorriu ó seu paso.
A queiroga chiscoulle o seu olliño
e a humilde vincapervinca observouno con atención.
A cabeza de dragón abriu a súa boca amarela.
O xirasol virou o rostro cara ó sur.
A rosa murcha sorriu, con orgullo de nai,
ós pequenos abrochos que a rodeaban,
ornados todos de gotas da rosada,
como un colar de diamantes que chegase ata o chan.
A dedaleira mostrou a súa cara queimada polo sol
e inclinouse facendo vulgares reverencias;
axitou unha folla baixo un pálido raio de lúa,
do mesmo xeito que unha dama move o seu abanico.
E tódalas margaridas do outeiro,
coa cara amarela e os pétalos completamente brancos,
parecían, todas elas, rir e menear a cabeza,
como dicindo, se puidesen falar, que
aquela situación resultaba cómica:
a de irse enfrontar cara a cara co xigante de Chale.

Pero aínda que o val estaba cheo de vida,
o paporrubio non vivía alí,
pois era amigo do home,
e non podería comer na man dun ogro.
Aínda que todos no val parecían rir e burlarse,
non conseguiron amedrentar ó santo.
Estaba disposto a enfrontarse coa morte e coas cadeas,
e un nobre espírito corría polas súas veas.

***

De súpeto, estoupou un lóstrego,
que encheu ó santo de pavor e sorpresa.
E, no camiño, xusto diante súa,
abriuse unha caverna na superficie da montaña.
O chan da caverna non era de pedra,
senón que estaba sementado de ósos humanos.
O xigante sentaba nun trono feito de caveiras
e nas lámpadas ardía graxa dos homes que matara.
O mar estaba cheo de velas de trasnos
e as serpes e víboras bailaban sobre as colas.
Os morcegos voaban arriba e abaixo,
os mouchos ouleaban e os corvos grallaban,
os dragóns batían as ás cheas de escamas.
Os escorpións amosaban o seu aguillón velenoso.
Os espíritos apareceron baixo todo tipo de formas...
Un tiña o aspecto dun mono coas pernas longas
e outro era como un gran gato negro;
outro como un porcobravo, e outro como unha rata.
Un era como un oso escuro e sorrinte;
outro como unha lebre apintarada;
outro como un sapo inchado,
cuspindo o seu veleno no chan.

Rían, facían burla e mofábanse vendo
que o santo viña onda tal esmorga.
O moucho ouleou o seu riso ó aire
e o oso escuro gruñiu divertido.
Era horrible ver e sentir
a aquelas bestas mentres imitaban a seres humanos.

***

Sobre unha mesa, no canto dunha rebanda de pan,
había unha cabeza cortada, pero aínda con vida.
Rodaban pola mesa os ollos, xa sen vista,
e a lingua seca colgaba para fóra.
O xigante pedira o seu prato favorito:
réptiles vivos e peixes repugnantes.
Traían a sopa en olas de barro...
Os pintafontes que a portaban saltaban coa cola.
As sambesugas entraban e saían arrastrándose,
os vermes cegos e os lagartos serpeaban dun lado a outro.

***

Cando os demos levantaron as súas copas,
alzouse un grito, un berro, un ouveo:
"¡Velaquí unha maldición ós vivos e ós mortos!
Pero botemos un brinde en honor da cabeza..., da cabeza.
Mira, vello, temos unha cacharela de carbón e turba:
¿Queres que te asemos nela?, ¿ou queres comer?
Mira esta lagoa que xa ferve; estás xusto no borde;
¿Queres que te cozamos nela?, ¿ou queres beber?".
O santo sentiu tal desacougo
que non foi quen de falar, nin de rezar.
O voitre preeiro estaba sobre a súa cabeza
e baixo os seus pés estaban os ósos dos mortos.
E había esqueletos humanos deitados,

e un deles virouse, coma se sentise dor.
Pero cando o santo fixo o signo da cruz,
recobrou a valentía; falou e dixo:
"Bendigo ós vivos e bendigo ós mortos;
Caia unha maldición sobre vós.
Maldigo a cabeza e maldigo o outeiro;
maldigo a praia e o chan que piso.
¡Que esta terra non dea nin flor nin froito;
senón que todo sexa escuro, ermo e espido!
¡Que este chan non serva de asento
ás bestas que camiñan nin ás aves que voan,
senón que todo o anegue unha corrente de auga velenosa que
chegue ata o mar, un auga de sabor amargo e de visión e spantosa!
E que a terra se desmorone e se volva desmoronar,
e sega desmoronándose ata o día do Xuízo Final".

***

Cando acabou de falar, rodeouno unha mesta néboa.
Deixou de ver a terra e deixou de ver o ceo.
Pero, cando desapareceu a néboa,
a terra víase negra, e as pedras víanse grises.
Ós seus pés fluía un regato tinxido de sangue
e o outeiro erguíase pelado e solitario.


IRLANDA

AS GAIOLAS DE ALMAS

THOMAS KEIGHTLEY

Jack Dogherty vivía na costa, no condado de Clare. Jack era pescador, como antes foran seu pai e seu avó. Tamén coma eles, vivía completamente só (coa única compaña da súa muller) e xusto no mesmo lugar. A xente preguntábase por que ós Dogherty lles gustaba tanto aquel sitio tan agreste, tan afastado dos homes e situado no medio de enormes rochas, sen outra cousa que contemplar máis que o inmenso océano. Pero tiñan as súas razóns.

Dito en poucas palabras, aquel era, precisamente, o único lugar daquela parte da costa onde calquera podería vivir ben; había unha enseada pequena e xeitosa, onde unha lancha podía fondear tan segura como un arao no seu niño, e fóra da enseada había un saínte de rochas afundidas que se internaban no mar. E así, cando o Atlántico, conforme ó seu costume, se embravecía coa treboada e un forte vento do oeste sopraba na costa, moitos barcos cargados con valiosas mercancías esnaquizábanse contra aquelas rochas; entón adoitaban aparecer fardos de algodón ou tabaco, e cousas así; e tamén pipas de viño, garrafóns de ron e bocois de coñac. ¡Así Deus me salve! A Baía de Dunbeg era todo un patrimonio para os Dogherty.

Isto non quere dicir que non fosen bos e caritativos cun mariñeiro en perigo, se é que algún tiña a sorte de chegar a terra; de feito, Jack saíra máis dunha vez na súa pequena lancha a enfrontarse ás ondas, como se fose un alcatras, para axudar a salvar á tripulación dun naufraxio. Pero cando o barco quedaba esnaquizado e toda a tripulación perdida, ¿quen podía culpar a Jack por recoller todo o que atopase? "¿E logo non farían todos igual?", dicía. "Mesmo o rei, ¡Deus o bendiga!, que todo o mundo sabe que xa é rico dabondo e non precisa andar recollendo o que aparece flotando no mar".

Aínda que vivía tan só, Jack tiña bo carácter, era un tipo alegre. Ningún outro, abofé, daría engaiolado a Biddy Mahony para que deixase a cálida casa do seu pai, no centro da cidade de Ennis, para ir vivir a moitas millas de distancia, entre as rochas, tendo como veciños máis achegados as focas e as gaivotas. Pero Biddy sabía o que quería e sabía que Jack era o home axeitado para unha muller que desexaba estar cómoda e ser feliz; porque, por non falar da pesca, Jack aprovisionaba á metade das casas señoriais da bisbarra coas mercancías caídas do ceo que chegaban á baía. Acertara na súa elección, porque nunca muller ningunha comeu, bebeu, nin durmiu mellor, nin tivo un aspecto máis fachendoso os domingos na igrexa que a Señora Dogherty.

É de supoñer que Jack tiña visto e sentido moitas cousas raras, pero nada o asustaba. Tan pouco medo lles tiña ós *merrows*[1], e a outras criaturas polo estilo, que o que máis desexaba era, precisamente, atoparse con algún. Jack oíra dicir que eran fortes como cristiáns, e que a sorte sempre os

[1] *Criatura fantástica, metade home, metade peixe. (N. do T.)*

acompañaba. Nunca, por tanto, puidera ver nidiamente ós *merrows* movéndose sobre a auga cos seus mantos de néboa, malia andar tras súa. Moitas veces Biddy rifaba -con acougo, como sempre- con Jack por pasar o día todo no mar e non volver con peixe ningún. A pobre Biddy non podía imaxinar o peixe que Jack andaba procurando.

A Jack amoláballe moito que, malia vivir nun sitio onde os *merrows* abundaban como lagostas, nunca dera visto ningún con claridade. O que lle incomodaba aínda máis era que tanto seu pai coma seu avó os viran moitas, moitas veces, e mesmo el lembraba que, cando neno, escoitara como o seu avó, que foi o primeiro da familia en asentarse na enseada, tivera tanta confianza cun *merrow* que, se non fose polo medo que tiña de incomodar ó crego, o deixaría estar na casa como a un dos seus fillos. Pero Jack non sabía se crelo.

Por fin, a Fortuna empezou a pensar que era xusto que Jack soubese tanto coma seu pai e seu avó. Daquela, un día, camiñando pola costa cara ó norte chegou un pouquiño máis lonxe do que tiña por costume e, xusto cando ía dar volta, viu algo, algo que nunca antes vira, sentado nunha rocha a moi poucos metros do mar. O corpo parecía verde; iso era todo o que podía ver a aquela distancia; e xuraría, por imposible que pareza, que tiña na man un sombreiro de tres picos. Jack quedou quieto polo menos media hora forzando a vista e admirándoo, e en todo ese tempo aquilo non moveu nin unha man nin un pé. Ó final, cando xa case perdera a paciencia, Jack asubiou con forza e berrou; entón o *merrow* (porque iso era) ergueuse, puxo o sombreiro de tres picos na cabeza e tirouse á auga desde a rocha.

A Jack picáralle a curiosidade e ía constantemente a aquel lugar. Pero non daba albiscado ó cabaleiro do mar co som-

breiro de tres picos; pensando unha e outra vez no asunto, acabou por crer que o soñara. Sen embargo, un día de treboada, con ondas como montañas, Jack decidiu ir botar unha ollada á rocha do *merrow* (antes sempre fora en días bos). Entón viu aquela cousa estraña choutando na rocha e tirándose á auga; volvía saír á superficie e despois mergullábase outra vez. E así, abondaba con que Jack elixise o momento axeitado (é dicir, un día de moito vento) para poder ver ó home do mar sempre que quixese. Isto, sen embargo, non o satisfacía; canto máis tes, máis queres. Agora desexaba coñecer ó *merrow*, e mesmo niso tivo éxito. Un día dunha treboada espantosa, antes de chegar ó lugar desde onde podía ver a rocha do *merrow*, a tormenta desatouse con tanta carraxe que Jack tivo que abeirarse nunha das numerosas covas que hai ó longo do litoral, e alí, para a súa sorpresa, viu, sentada diante súa, unha cousa con pelo verde, dentes longos e verdes, nariz encarnado e ollos de porco. Tiña cola de peixe, pernas con escamas e brazos curtos como aletas. Non levaba roupa ningunha, pero tiña o sombreiro de tres picos debaixo do brazo e parecía concentrado en pensar moi seriamente en algo. Malia a súa bravura, Jack estaba un pouco acovardado; pero era agora ou nunca, pensou. Así que se achegou valentemente ó meditabundo home-peixe, quitou o sombreiro e se presentou do mellor xeito que soubo.

"Encantado de coñecelo, señor", dixo Jack.

"Tamén eu estou encantado de coñecerte, Jack Dogherty", respondeu o *merrow*.

"¿Como é que sabe vostede o meu nome?", dixo Jack.

"¿E logo non había de sabelo, Jack Dogherty? Coñecín ó teu avó moito antes de que casase con Judy Regan, a túa avoa. ¡Ai!, Jack, Jack, tíñalle moita estima ó teu avó; foi un home como é

debido. Nunca dei con ninguén, nin arriba nin abaixo, nin antes nin despois, que bebese coñac da cuncha coma el. Supoño, rapaz", dixo o vello, "supoño que es o seu neto".

"Non teña a menor dúbida", dixo Jack; "se a miña nai non mo retirase, aínda estaría mamando coñac".

"Ben, gústame ver que falas como un home. Ti e máis eu temos que coñecernos mellor, aínda que só sexa en memoria do teu avó. Pero non do teu pai, Jack; el si que non tiña cabeza ningunha".

"Seguro", dixo Jack, "que, posto que vive debaixo da auga, debe de ter algo que beber para manterse quente nun sitio tan cruel, húmido e frío. Sempre se di dos cristiáns que beben como peixes; ¿non lle molesta que lle pregunte onde consegue os licores?"

"¿Onde os consegues ti, Jack?", dixo o *merrow*, con mirada maliciosa.

"¡Ui, ui, ui!", exclamou Jack, "xa vexo por onde vén; pero supoño, señor, que abaixo terá unha boa adega onde gardalos".

"Non te preocupes por iso", díxolle o *merrow*, de novo con mirada maliciosa. "Seguro", seguiu Jack, "que pagaría a pena velo".

"Podes xuralo, Jack", díxolle o *merrow*; "e se te xuntas aquí comigo o luns que vén, xusto a esta mesma hora do día, falaremos un pouquiño máis do asunto".

Jack e o *merrow* despedíronse coma os mellores amigos do mundo. O luns seguinte volvéronse xuntar. A Jack non lle estrañou nada ver que o *merrow* traía dous sombreiros de tres picos, un debaixo de cada brazo. "¿Moléstalle, señor, que lle pregunte", dixo Jack, "como é que trae hoxe dous sombreiros? E, seguindo coas preguntas, seguro que un non será para min, ¿non si?"

"Non, non, Jack", dixo el, "non consigo os meus sombreiros tan facilmente como para desfacerme deles dese xeito, pero quero que baixes e que cees algo comigo. Tróuxenche o sombreiro para que te mergulles".

"¡Deus nos bendiga e nos protexa!", berrou Jack, abraiado; "¿quere que baixe ó fondo do mar? ¡Seguro que hei acorar e abafar coa auga, por non falar de morrer afogado! ¿E que había facer a pobre Biddy sen min?, ¿que había dicir?"

"Non sexas parvo. ¿Que máis ten o que diga? ¿A quen lle importan as rifas de Biddy? O teu avó non falaría dese xeito por nada do mundo. El puxo moitas veces este mesmo sombreiro e mergullouse valentemente tras miña; e moitas veces ceamos cómodos e quentiños, e tomamos unha copa de coñac el e máis eu xuntos, debaixo da auga".

"¿De verdade, señor?, ¿non é broma?", dixo Jack; "daquela, ¡que caian sobre min tódalas desgracias se son menos home que o meu avó! Alá vou, pero non me vaia deixar tirado, que non a conto", exclamou Jack.

"Es cuspido ó teu avó", dixo o vello. "Así que veña, imos, rapaz, e fai coma min".

Saíron da cova, metéronse na auga e nadaron un pouco ata chegar á rocha. O *merrow* subiu e Jack seguiuno. Na outra punta a rocha estaba lisa como a parede dunha casa e o mar parecía tan profundo que Jack se sentiu acovardado.

"Agora, Jack", díxolle o *merrow*, "só tes que poñer o sombreiro na cabeza e ter os ollos ben abertos. Agárrate á miña cola e ségueme, e xa verás".

Tirouse á auga e Jack tirouse tras súa con valentía. Nadaron e nadaron e Jack pensou que nunca ían parar. Máis dunha vez desexou estar sentado na casa ó carón da cheminea con Biddy; pero, con todo, ¿de que lle valía iso agora,

cando cría estar tantas millas por baixo das ondas do Atlántico? Termaba con forza da cola do *merrow*, anque era escorregadiza. E, por fin, para sorpresa de Jack, saíron da auga e se viu en terra seca no fondo do mar. Pararon xusto diante dunha casiña moi aquelada que estaba coidadosamente cuberta de cunchas de ostras. O *merrow*, virándose cara a Jack, deulle a benvida alí abaixo. Jack case non podía falar, polo abraiado que estaba e por estar sen folgos de ir tan rápido pola auga. Mirou ó seu redor e non viu ser vivo ningún, agás moitos cangrexos e lagostas andando paseniño pola area. Por riba estaba o mar, coma un ceo, e os peixes, coma paxaros nadando nel.

"¿Por que non falas, home?", díxolle o *merrow*. "¿Acaso non pensaras que eu tiña algo tan xeitoso e quentiño coma isto? ¿Abafaches, afogaches, ou estás preocupado por Biddy, eh?"

"¡Ah!, abofé que non", dixo Jack ensinando os dentes cun sorriso alegre, "¿pero quen demos había pensar que ía ver unha cousa así?"

"Veña, rapaz, imos ver que hai de comer".

Jack tiña moita fame e notou con agrado que da cheminea saía unha columna de fume, anunciando o que pasaba dentro. Entrou na casa detrás do *merrow* e viu unha boa cociña, bastante ben abastecida de todo. Había un chineiro e moitas olas e tixolas, e dous *merrows* xoves facendo de comer. O seu anfitrión levouno ó cuarto, que estaba modestamente amoblado. Non había nin mesa nin cadeiras, só táboas e tocóns para sentar a comer. Había, sen embargo, unha boa fogueira lumegando na lareira, e aquilo si lle gustou a Jack.

"Vén, vouche ensinar onde gardo..., xa sabes o que", díxolle o *merrow*, con mirada arteira. Abrindo unha portiña, levou

a Jack a unha adega ben grande, chea de pipas, bocois, cubas e barrís. "¿Que me dis, Jack Dogherty? ¿Eh? ¡A ver se non se pode vivir comodamente debaixo da auga!"

"Abofé que si", dixo Jack.

Volveron ó cuarto e viron que a cea xa estaba posta. Non había mantel, pero ¿que importaba?. Jack non sempre tiña un na casa. A cea non deixaría en mal lugar á casa máis grande da bisbarra nun día de Vixilia. Alí había -non é de estrañar- o pescado máis exquisito. Rodaballo, linguado, lagostas, ostras e outras vinte clases de peixe, xuntos naquelas táboas, e moitos licores de fóra. Os viños, dixo o vello, estaban demasiado fríos para o seu estómago. Jack comeu e bebeu a máis non poder. Logo, collendo unha cuncha de coñac:

"Á súa saúde, señor", dixo, "pero, desculpe, é moi raro que, co tempo que hai que nos coñecemos, aínda non saiba o seu nome".

"É certo, Jack", contestou; "non pensara niso, pero máis vale tarde que nunca. Chámome Coomara".

"¡Coomara! ¡Que nome tan distinguido!", exclamou Jack, bebendo outro grolo: "entón, á súa saúde Coomara, ¡e que viva cincuenta anos máis!"

"¡Cincuenta anos!", repetiu Coomara; "gracias, home, pero mellor serían cincocentos".

"Así Deus me salve, señor", dixo Jack, "¡abofé que viven unha morea de anos aquí debaixo da auga!. Vostede coñeceu ó meu avó, que non pasou dos sesenta anos. Estou seguro de que este debe de ser un sitio moi saudable para vivir".

"Sen dúbida; pero veña, Jack, que siga correndo o licor".

Baleiraron unha cuncha detrás doutra, e Jack sorprendeuse moitísimo ó decatarse de que a bebida non lle subía á cabeza debido, seguro, a que o mar estaba por riba deles e lles

mantiña a cabeza fría. O vello Coomara púxose cómodo de máis e cantou varias cancións, pero Jack, aínda que lle fose a vida, non lembraba ningunha. Ó final díxolle a Jack: "¡Agora, meu querido rapaz, se me segues, vouche mostrar as miñas curiosidades!"

Abriu unha portiña e levou a Jack a un cuarto moi grande, onde Jack viu gran cantidade de chilindradas que Coomara fora recollendo. O que máis lle chamou a atención, sen embargo, foron unha especie de nasas, dispostas en fila pola parede.

"Ben, Jack, ¿que che parecen as miñas curiosidades?", dixo o vello Coo.

"A verdade, señor", dixo Jack, "é que paga a pena velas; pero, ¿moléstalle que lle pregunte que son esas cousas que parecen nasas?"

"¡Oh!, ¿as gaiolas de almas, dis?"

"¿O que, señor?"

"Estas cousas de aquí, onde gardo as almas".

"¡Arre Demo!, ¿que almas, señor?", dixo Jack abraiado. "Seguro que os peixes non teñen alma".

"¡Claro que non!", dixo Coo, con serenidade; "estas son as almas dos mariñeiros que morreron afogados".

"¡Deus nos libre de todo mal!", fungou Jack, "¿como demos as colleu?"

"É ben doado. Cando vexo que vén unha boa treboada, só teño que poñer un par de ducias destas; logo, cando os mariñeiros afogan e as súas almas saen dos seus corpos debaixo da auga, as pobres case morren por non estar afeitas ó frío; entón métense nas miñas nasas para abeirarse; e cando están gorecidas, lévoas á casa e gárdoas aquí, secas e quentiñas. ¿E logo non están ben aquí, coitadiñas, nun aloxamento tan bo?"

Jack quedou tan abraiado que non soubo que dicir, así que non dixo nada. Volveron ó comedor e beberon máis coñac, que era excelente; logo Jack pensou que xa lle era tarde e, como Biddy debía de estar preocupada, ergueuse e dixo que cría que xa era hora de marchar.

"Como queiras, Jack", dixo Coo, "pero toma a arrancadeira antes de marchar; agárdate unha viaxe moi fría".

Jack era demasiado educado para rexeitar aquel vaso de despedida. "Pregúntome", dixo, "se darei atopado o camiño de volta á casa".

"¿Que problema tes?", dixo Coo; "vouche mostrar o camiño".

Saíron pola parte de diante da casa; Coomara colleu un dos sombreiros de tres picos e púxollo a Jack na cabeza do revés; logo subiuno enriba do seu ombro para poder chimpalo auga arriba.

"Agora", dixo, dándolle un empuxón, "tes que subir ata o mesmo lugar desde onde te tiraches; e, Jack, lembra que tes que mandarme o sombreiro de volta".

Inclinouse un pouco con Jack no ombro e chimpouno con forza para arriba, zumbando coma se fose unha burbulla. Subiu ata chegar á rocha desde a que se tirara e alí atopou onde parar; logo tirou o sombreiro, que se afundiu coma unha pedra.

Nese momento estaba poñéndose o sol, no fermoso ceo dunha tranquila tarde de verán. Podíase ver a estrela da tarde escintilando nun ceo sen nubes, e as ondas do Atlántico brillaban nun torrente dourado de luz. Entón Jack, decatándose de que se lle facía tarde, marchou para a casa; pero cando chegou non lle contou nada a Biddy de onde pasara o día.

O estado das pobres almas engaioladas nas nasas moito desacougou a Jack, e o xeito de ceibalas deulle moito que pensar. Ó primeiro tiña a intención de falarlle ó crego do

asunto, pero ¿que ía facer el?, ¿e que lle importaba o crego a Coo? Ademais, Coo era un bo tipo e non cría estar facendo mal ningún. A Jack preocupáballe tamén o que pensarían del se se soubese que tiña por costume ir cear cos *merrows* no fondo do mar. En definitiva, pensou que o mellor sería convidar a Coo a cear, facer que se emborrachase, se era quen de facelo, e logo coller o sombreiro, baixar e abrir as nasas. Sen embargo, era preciso, antes de nada, deixar a Biddy á marxe; dado que era muller, Jack cría prudente agacharlle o segredo.

Por conseguinte, Jack volveuse de súpeto moi piadoso e díxolle a Biddy que pensaba que, polo ben das súas almas, era mellor que marchase a pasar uns días ó Manancial de San Xoán, preto de Ennis. Biddy estivo conforme. Así, púxose en camiño unha fermosa mañá ó mencer, encomendándolle a Jack que tivese conta do lugar. Coa costa despexada, Jack dirixiuse á rocha para facerlle a Coomara o sinal que acordaran, que era tirar unha pedra grande á auga. Jack tirouna e Coo apareceu.

"Bos días, Jack", dixo; "¿que queres de min?"

"Non quero falar de nada en especial, señor", contestou Jack; "só quero, se mo permite, que veña comer comigo do que haxa, agora que Biddy non está".

"Moi ben, Jack; conforme. ¿A que hora?"

"Á hora que máis lle conveña a vostede, señor. Diga unha hora á que poida vir á casa; se quere, polo día".

"Estarei contigo", dixo Coo; "non te preocupes".

Jack marchou para a casa e fixo unha boa cea con peixe; sacou moitas botellas dos seus mellores licores de fóra, dabondo para embebedar a vinte homes. Coo chegou á hora prevista, co seu sombreiro de tres picos debaixo do brazo. A cea estaba lista; sentaron, comeron e beberon como homes.

Jack, pensando nas pobres almas alí abaixo, nas nasas, insistía en ofrecerlle coñac a Coo e animábao a que cantase, coa esperanza de facelo caer debaixo da mesa. Pero o pobre Jack esqueceu que non tiña o mar enriba da súa cabeza para manterse fresco. O coñac subíuselle á cabeza e caeu na súa propia trampa; Coo marchou cambaleando, deixando ó seu anfitrión tan mudo coma un merlán en Venres Santo.

Jack non espertou ata a mañá seguinte, e sentiuse moi triste.

"Non hai xeito de emborrachar a ese vello", dixo Jack; "¿como demos vou axudar ás pobres almas a saír das nasas?" Logo de matinar niso case todo o día, ocorréuselle unha idea. "Xa o teño", dixo, dándose unha palmada na coxa.

"Seguro que Coo nunca, nos anos que ten, catou unha gota de augardente. ¡Iso poderá con el! ¡Que ben que Biddy non vai estar na casa estes dous días!; podo tentalo outra vez".

Jack volveu invitar a Coo, e Coo riuse del por non ter máis aguante, dicíndolle que nunca estaría á altura do seu avó.

"Ben, pero póñame a proba outra vez", dixo Jack; "xúrolle que vou beber tanto coma vostede, ou máis, e que non me vou emborrachar".

"O que faga falta", dixo Coo, "con tal de compracerte".

Durante a cea, Jack preocupouse de rebaixar o seu licor con auga e de darlle a Coo o coñac máis forte que tiña. Ó final, díxolle: "Dígame, señor: ¿bebeu vostede algunha vez augardente, o verdadeiro zume das montañas?"

"Non", dixo Coo; "¿que é iso?, ¿de onde vén?"

"¡Ah! Iso é un segredo", dixo Jack, "pero está ben bo. Que morra aquí mesmo se non é cincuenta veces mellor que o coñac ou que o ron. O irmán de Biddy mandoume un pouquiño de augardente como agasallo, a cambio dun pouco de coñac, e, xa que vostede é un vello amigo da familia, gardeino para convidalo".

"Ben, imos ver que é iso", dixo Coo.

A augardente estaba ben boa. Era de primeira clase e tiña un sabor auténtico. Coo estaba encantado; bebeu e cantou, riu e bailou, ata que caeu ó chan profundamente durmido. Despois Jack, que tivera moito coidado de manterse sobrio, colleu o sombreiro de tres picos, marchou correndo á rocha, tirouse á auga e axiña chegou á casa de Coo.

Todo estaba quedo coma un adro de igrexa a media noite; non había *merrow* ningún, nin vello nin novo. Entrou e abriu as nasas, pero non viu nada; só lle pareceu escoitar unha especie de asubío feble ou un chío mentres as abría. Iso sorprendeuno, porque lembrou o que moitas veces dixera o señor abade, que ninguén vivo podía ver a alma, como tampouco se pode ver o vento ou o aire. Unha vez que fixera por elas todo o que podía, deixou as nasas tal como estaban antes e bendixo as pobres almas para que apurasen na súa viaxe a onde queira que fosen. Entón empezou a pensar en volver. Puxo o sombreiro do revés (como tiña que ser), pero, cando saíu, viu a auga tan alta por riba da súa cabeza que non tivo esperanzas de chegar enriba agora que non tiña ó vello Coomara para empuxalo. Foi dun lado a outro buscando unha escada, pero non a atopou, e por alí non se vía rocha ningunha. Por fin, viu un sitio onde o mar estaba máis baixo que no resto; entón decidiu tentalo alí. Xusto ó chegar, pasaba por alí un bacallao grande. Jack deu un salto e agarroulle a cola; o bacallao, sorprendido, pegou un brinco e tirou de Jack para arriba. En canto o sombreiro tocou a auga, Jack saíu disparado cara arriba coma se fose unha rolla, levando a rastras ó pobre bacallao, que esquecera soltar. Chegou á rocha en nada e, sen perder un minuto, marchou para a casa contento da súa fazaña.

Pero, entrementres, agardáballe unha difícil tarefa na casa, porque, a penas o noso amigo Jack saíra da casa na súa expedición para ceibar ás almas, Biddy volvía da súa viaxe ó manancial co fin de salvar as súas almas. Cando entrou na casa, viu diante súa as cousas revoltas na mesa.

"Aquí hai festa", dixo; "ese canalla -qué desgracia a miña de casar con el- colleu a calquera, mentres eu pedía polo ben da súa alma, e seguro que beberon a augardente toda que lle deu o meu propio irmán, e tódolos licores que tiña para vender".

Entón, escoitando un gruñido estraño, baixou a mirada e viu a Coomara tirado debaixo da mesa. "¡Virxe bendita!", berrou, "converteuse nunha verdadeira besta. Mira que escoitara dicir que un home podía converterse en besta pola bebida, ¡pero nunca tal vira! ¡Ai, meu amor, meu amor, meu querido Jack, ¿que vou facer contigo?, ¿e que podería facer sen ti? ¿Como pode unha muller decente pensar sequera en vivir cunha besta?"

Con queixas polo estilo, Biddy liscou da casa, e marchaba, sen saber onde, cando escoitou a familiar voz de Jack, cantando unha alegre melodía. Biddy alegrouse de encontralo san e salvo, e de ver que non se convertera en nada. Jack viuse obrigado a contarlle todo; e Biddy, aínda que medio se incomodou con el por non dicirllo antes, admitiu que lle fixera moito ben ás pobres almas. Volveron os dous á casa amorosamente e Jack espertou a Coomara; observando que o vello amigo estaba moi bébedo, pediulle que non se amoucase, que a calquera home podía pasarlle. Díxolle que todo fora por non estar afeito á augardente e recomendoulle que, para recuperarse, tomase un pouco da mesma medicina. Coo, sen embargo, pensaba que xa tiña dabondo; ergueuse en bastante mal estado e, sen a educación suficiente para falarlles, liscou a refrescarse na auga salgada.

Coomara nunca botou de menos as almas. El e Jack seguiron sendo os mellores amigos do mundo e, se cadra, nunca ninguén igualou a Jack en salvar almas do purgatorio; porque inventou cincuenta escusas para entrar na casa de debaixo do mar sen que o seu amigo se decatase, e logo abría as nasas e deixaba saír as almas. Amoláballe, claro, non poder velas nunca, pero como sabía que iso era imposible, non lle quedaba máis remedio que darse por satisfeito. A súa amizade continuou durante varios anos. Sen embargo, unha mañá Jack tirou unha pedra á auga, como de costume, e non tivo resposta ningunha. Tirou outra, e outra máis, e aínda así non tivo resposta. Marchou e volveu á mañá seguinte, pero foi en van. Como non tiña sombreiro, non podía baixar a ver que lle pasara ó vello Coo, pero el cría que o vello home, ou o vello peixe, ou o que fose, morrera, ou marchara daquela parte do país.

FIOR USGA

THOMAS CROFTON CROKER

Un pouco máis aló do Gallows Green de Cork, xusto fóra da cidade, hai un gran lago, onde vai a xente no inverno a divertirse patinando. Pero o deporte por riba da auga non é nada comparado co que hai embaixo, porque no mesmo fondo deste lago hai edificios e xardíns moito máis fermosos que calquera cousa que se poida ver hoxe. O xeito en que chegaron alí foi o seguinte:

Moito antes de que os saxóns pisasen terra irlandesa, había un gran rei, chamado Corc, que tiña o seu pazo onde agora está o lago, nun val verde dunha milla de ancho, aproximadamente. No medio do adro había un magnífico manancial de auga tan pura e clara que marabillaba a todo o mundo. Moito lle gustaba ó rei ter no seu pazo algo tan atractivo; pero como viña xente a moreas, de alí e de fóra, a sacar auga daquel marabilloso manancial, tiña moito medo que chegase a secar. Así que mandou construír unha gran muralla ó seu redor e non deixou que ninguén collese auga. Aquilo foi unha gran perda para a pobre xente que vivía en torno ó pazo. Cando el quería un pouco de auga, mandaba á súa filla

por ela, xa que non lle gustaba confiar a chave da porta do pozo ós seus serventes; tiña medo de que sacasen auga.

Unha noite, o rei deu unha gran festa, á que asistiron innumerables príncipes e señores. Había marabillosas atraccións por todo o pazo: había fogos de artificio, que chegaban ó mesmo ceo; e baile, cunha música tan doce que podería erguer ós mortos das súas tombas; e comida en abundancia para cantos alí estaban; non se rexeitaba a ninguén nas portas do pazo, senón que o porteiro recibía a todos dicindo: "¡Benvido!, ¡benvido, de corazón!"

Resultou que a aquela gran festa foi un xove príncipe, o máis xentil de tódolos asistentes, alto e ergueito coma ninguén. Aquela noite bailou marabillosamente coa filla do vello rei, xirando dun lado a outro, lixeiro como unha pluma, para admiración de todos. Os músicos tocaban o mellor que podían para disfrutar do seu baile. Bailaban como se lles fose a vida no empeño. Despois de tanto baile, chegou a cea. O xove príncipe estaba sentado á mesa a carón da súa fermosa parella, que lle sorría sempre que el lle falaba; pero non tan a miúdo como desexaba, xa que tiña que virar constantemente cara a outros comensais para agradecer os cumpridos que lle dedicaban tanto a el como á súa parella.

No medio do banquete, un dos grandes señores díxolle ó rei Corc: "Con permiso da súa Maxestade, aquí hai abondo de canto un poida desexar, de comer e de beber, agás auga".

"¡Auga!", dixo o rei, moi ledo de que alguén botase de menos o que faltaba adrede. "Axiña terá auga, señor, e tan deliciosa que desafío a que calquera a iguale. Filla", dixo, "trae unha pouca na sella de ouro que mandei facer *ex profeso*".

Á filla do rei, que se chamaba Fior Usga (que significa "auga do manancial"), non lle gustou moito que lle manda-

sen facer un servicio tan doméstico diante de tanta xente e, aínda que non se atrevía a rexeitar os mandatos do seu pai, con todo vacilou en obedecelo e baixou a cabeza. Vendo isto, o rei, que quería moitísimo á súa filla, sentiu terlle mandado tal cousa, pero del se dicía que unha vez que daba unha orde non se volvía atrás. Sen embargo, pensou no xeito de que a súa filla tardase o menos posible en traer a auga e lle propuxo que a acompañase o xove príncipe. Por tanto, dixo en alta voz: "Filla, se cadra tes medo de ir soa, sendo noite pechada; pero seguro que o xove príncipe que senta ó teu carón quere ir contigo". Aquilo non desagradou ó príncipe; collendo a sella de ouro cunha man, coa outra dirixiu á filla do rei fóra do comedor, con tanto xeito que tódolos presentes os observaron con admiración.

Cando chegaron ó manancial, no adro do pazo, a fermosa Usga abriu a porta con todo coidado e, dobrándose coa sella dourada para coller auga do pozo, decatouse de que a sella era demasiado pesada, perdeu o equilibrio e caeu dentro. O xove príncipe tentou salvala en van, xa que a auga comezou a subir tan a présa que o adro quedou axiña completamente asolagado, e correu de volta, moi nervioso, onda o rei.

Como a porta do pozo quedou aberta, a auga, que estivera pechada durante demasiado tempo, alegrouse ó verse en liberdade e botouse a manar incesantemente, cada vez máis alta, e chegou ó comedor da festa aínda antes que o propio príncipe. Por iso, cando tentou falar co rei, a auga chegáballe ó pescozo. A auga chegou a tal altura que encheu por completo o verde val onde estaba o pazo do rei, e así se formou o actual lago de Cork.

Pero o rei e mailos seus convidados non afogaron, como hoxe pasaría se tal horrible inundación volvese ocorrer; tam-

pouco afogou a súa filla, a fermosa Usga, que volveu ó comedor do banquete á noite seguinte deste terrible suceso. E desde entón, no pazo do fondo do lago cada noite ten lugar a mesma festa e o mesmo baile, que durarán ata que alguén teña a sorte de sacar da auga a sella dourada que foi a causa desta desgracia.

Ninguén dubida que foi un castigo ó rei por cerrar o pozo do adro á pobre xente: e se alguén non cre a miña historia, pode ir ver o lago de Cork, xa que aínda segue aí hoxe en día. A estrada que leva a Kinsale pasa á súa beira. E cando vai baixo e a auga está clara, quen teña boa vista poderá ver con claridade, e sen axuda de lentes, o remate das torres e dos maxestuosos edificios.

O CABALO ENCANTADO

THOMAS CROFTON CROKER

A historia de Morty Sullivan debería servir de advertencia para que tódolos mozos queden na casa, vivan dunha forma decente e seria, se é que poden, e non anden vagando polo mundo. Cando Morty, que acababa de cumprir catorce anos, escapou de xunto ó seu pai e a súa nai, estes, que formaban unha vella parella moi respectable, moito choraron por el. Disque os dous morreron co corazón roto pola perda. Todo o que deron sabido foi que marchara a bordo dun barco que ía a América.

Trinta anos despois de que enterrasen á vella parella nas súas tombas, chegou un estraño a Beerhaven preguntando por eles. Era o seu fillo Morty. Para ser sinceros, a nova de que os seus pais morreran semellou encher de dor o seu corazón. Pero, ¿que outra cousa pensaba oír? O arrepentimento case sempre chega cando é demasiado tarde.

Sen embargo, para que puidese expiar os seus pecados, a xente recomendou a Morty Sullivan que fixese unha peregrinación ata a capela de Santa Gobnate, que estaba nun recóndito lugar chamado Ballyvourney.

Prometeuno de contado e, como non quería perder tempo,

comezou a súa viaxe aquela mesma tarde. Aínda non levaba camiñado moitas millas cando se fixo noite. Non había lúa e a luz das estrelas estaba escurecida por unha densa néboa que subía desde os vales. O camiño descorría por unha zona montañosa e estaba cheo de desvíos, polo que era moi difícil para un estraño como Morty ir sen guía. Devecía por chegar ó seu destino e facía un gran esforzo por conseguilo. Pero a néboa era cada vez máis densa e chegou un momento no que o fixo dubidar de se aquel sería o camiño que levaba á capela de Santa Gobnate. Viu entón unha luz máis adiante, que non parecía estar moi lonxe, así que foi cara a alí. Cando xa se cría moi preto dela, a luz volveu de súpeto a estar moi lonxe. Aínda que Morty se sentiu algo sorprendido, non se desanimou, porque creu que era unha luz que mandaba Santa Gobnate para que o guiase entre aquelas montañas, no camiño ata a súa capela.

Deste xeito, camiñou moitas millas, sempre achegándose, ou iso cría, a aquela luz que de súpeto volvía estar a unha gran distancia. Por fin, se achegou tanto que puido ver que a luz saía dunha fogueira, e que, sentada a carón do lume, había unha vella. Nese momento, a súa fe cedeu un pouco e comezou a preguntarse como fora que o lume e maila muller viaxaran diante súa tantas millas por aqueles sinuosos camiños.

"Por Santa Gobnate e o seu preceptor, San Abban", dixo Morty, "¿como pode moverse ese lume diante miña a tal velocidade e quen será esa muller que senta a carón do lume?"

Segundo dixo estas palabras, Morty encontrouse, sen dar nin un paso máis, onda aquel lume marabilloso no que a vella andaba a machicar a súa cea. Cada vez que movía os dentes, a vella xiraba con fereza os seus ollos cara ós de Morty, coma se lle amolase a súa presencia. Entón viu, con

gran sorpresa, que os ollos non eran negros, nin azuis, nin grises, nin marróns, como os ollos dos humanos, senón dunha forte cor vermella, como os ollos dos furóns. Se xa estaba abraiado polo lume, moito maior foi o seu asombro polo aspecto da vella. Aínda que era un home valente, non podía evitar mirala con medo, pensando, con acerto, que aquela vella non había de estar nun lugar tan estraño e tan tarde (xa case era media noite) por nada bo. Ela non dicía unha palabra, senón que machicaba unha e outra vez mentres Morty a miraba. "¿Como te chamas?", preguntou por fin a vella harpía. Cando acabou a pregunta, un cheiro a xofre saíu da súa boca, abriu as fosas nasais e os seus ollos puxéronse máis vermellos que nunca.

Sacando todo o seu valor, respondeu: "Morty Sullivan, ó seu servicio". Isto último só o dixo por educación.

"Uuuuiiii", dixo a vella, "¡axiña o veremos!"; e o lume vermello dos seus ollos tornouse nun verde pálido. Malia o audaz e valente que era Morty, aínda tremeu máis cando oíu aquela terrible exclamación. Axeonllaría para pregar a Santa Gobnate ou a calquera outro santo, aínda que non lle tivese devoción, pero estaba tan petrificado polo medo que non puido moverse nin un chisco, moito menos poñerse en xeonllos.

"Colle a miña man, Morty", dixo a vella. "Vouche dar un cabalo para que o montes e te leve axiña ata o teu destino". Logo de dicirlle isto, guiouno e o lume foi diante súa; ningún mortal sabería dicir como, pero alá ía, soltando brillantes lapas e botando faíscas con fereza.

Chegaron entón ata unha cova que había na ladeira da montaña e a vella harpía chamou ó seu cabalo con voz disonante. De contado, un corcel de cor negra acibeche saíu do seu lúgubre cortello, producindo cos seus pezuños un eco sepulcral sobre o chan de pedra.

"¡Monta, Morty, monta!", dixo a vella mentres o agarraba cunha forza sobrenatural e o subía ó lombo do cabalo. Morty, vendo que de nada valía resistirse, murmurou, mentres tentaba asir as crinas do cabalo: "¡Oxalá trouxese esporas!". Sen embargo, o que asiu foi unha sombra que o ergueu e tirou del cara a diante, saltando primeiro por un terrible precipicio, chimpando logo polo escarpado leito dun torrente e bulindo como unha escura treboada de medianoite polas montañas abaixo.

Á mañá seguinte, uns peregrinos (que viñan de visitar Gougane Barra) descubriron a Morty Sullivan tombado boca arriba no fondo dun empinado barranco ó que o lanzara o *Phooka*[1]. Morty estaba moi mazado da caída e disque xurou alí mesmo, polos seus antergos, que non é pouca cousa, que non volvería levar consigo unha botella chea de *whiskey* cando peregrinase.

[1] *Segundo a tradición irlandesa, os "phookas" son animais encantados, que adoitan asañarse cos viaxeiros ós que a noite colle de camiño. (N. do T.)*


GALES

OS GUERREIROS DORMENTES

ELIJAH WARING

Un galés ía paseando pola Ponte de Londres, levando na man un bastón de abeleira moi aquelado. Un inglés achegouse a el e preguntoulle de onde viña.

"Son do meu propio país", contestou o galés nun ton pouco amable.

"Non mo tomes a mal, meu amigo", dixo o inglés; "con tal que contestes ás miñas preguntas e aceptes os meus consellos, irache moito mellor do que imaxinas. Ese bastón que levas na man medrou nun lugar baixo o cal están agachados inmensos tesouros de ouro e prata; se lembras o lugar e sabes levarme alí, fareiche dono de todos eses tesouros".

O galés decatouse axiña de que o descoñecido era o que el chamaba un home sabio, ou un bruxo, e por un momento dubidou. Non quería ir con el onda os demos, ós que probablemente debía o seu saber. Pero finalmente convenceuno de que o acompañase a Gales. Camiño de Craig-y-Dinas[1], o galés sinalou o lugar de onde sacara o bastón. Quitárao do

[1] *A Rocha da Fortaleza. (N. do A.)*

tronco ou da raíz dunha abeleira vella e grande. Alí mesmo escavaron e atoparon unha lousa ancha. Estaba tapando a entrada dunha cova inmensa, pola que se meteron. No medio dun corredor colgaba unha campá e o bruxo advertiulle seriamente ó galés que non a tocase. Chegaron á parte máis baixa da cova, que era moi ampla, e alí viron moitos miles de guerreiros profundamente durmidos, formando un círculo moi grande, coas cabezas cara a fóra, todos vestidos con brillantes armaduras, e coas súas espadas, escudos e outras armas ó seu carón no chan, listos para erguerse de contado sempre que soase a campá para espertalos. As armas todas estaban tan sumamente limpas e brillantes que iluminaban a cova coa mesma luz que darían dez mil lapas. Entre os guerreiros viron a un que destacaba especialmente sobre os demais polos seus brazos, polo seu escudo e machada de combate, e por unha coroa de ouro engastada con fermosísimas pedras preciosas que tiña ó seu carón.

No medio deste círculo de guerreiros viron dúas moreas moi grandes, unha de ouro e outra de prata. O mago díxolle ó galés que collese canto puidese levar, dunha morea ou da outra, pero que non podía coller das dúas. O galés carrexou ouro. O bruxo non colleu nada; dixo que non quería, que o ouro non lles serve de nada ós que procuran coñecemento, e que por mor do seu desprezo polo ouro chegara a adquirir os seus elevados coñecementos e sabedoría. Cando saían, advertiulle de novo ó galés que non tocase a campá, pero que, se por desgracia o facía, podería sufrir nefastas consecuencias, porque espertarían un ou varios guerreiros, erguerían a cabeza e preguntarían *se xa era de día*.

"En tal caso", dixo o sabio, "tes que contestar sen vacilacións: *Non, sigue durmindo*. Ó escoitalo, volverá baixar a cabeza e seguirá durmindo".



Sen embargo, conforme subían, o galés, que viña sobrecargado de ouro, non puido evitar tocar a campá cando pasou ó seu carón. Soou a campá. Un dos guerreiros ergueu a cabeza e preguntou: "¿Xa é de día?"

"Non", contestou o galés de contado. "Non; sigue durmindo". Entón saíron da cova, puxeron a lousa na entrada e volveron plantar a abeleira.

O sabio, antes de deixar ó seu compañeiro, advertiulle que non malgastase o tesouro; que, gastando con tino, tería abondo para toda a vida. Pero, se por algún imprevisto, se vía outra vez na miseria, podía volver á cova a coller máis. Repetiulle a advertencia de que, a ser posible, non tocase a campá, pero que, se o facía, dese de contado a resposta axeitada: *que non era de día*. Tamén lle dixo que aquel que tanto destacaba era Arturo e que os demais eran os seus guerreiros; e díxolle que estaban alí deitados, durmindo, coas súas armas listas e á man para o mencer do día no que a *Aguia Negra* e a *Aguia Dourada* chamasen á guerra, xa que o forte clamor faría tremer tanto a terra que a campá soaría con forza e os guerreiros espertarían, collerían as súas armas, e destruirían a tódolos inimigos dos galeses; que logo volverían recuperar a Illa de Gran Bretaña, restablecerían ó seu propio rei e o goberno en Caerlleon, gobernarían con xustiza e disfrutarían dunha merecida paz ata a fin do mundo.

Chegou o día en que ó galés se lle esgotou o tesouro. Foi á cova e, como a outra vez, cargou canto puido. Cando saía, tocou a campá; soou; un guerreiro ergueu a cabeza, preguntando se xa era de día. Pero o galés, a quen a cobiza lle fixera cargar de máis, sen folgos baixo a pesada carga, sentiuse aterrorizado e non foi quen de dar a resposta axeitada. E así, erguéronse algúns guerreiros, quitáronlle o ouro e golpeáro-

no terriblemente. Logo botárono de alí e colocaron a lousa tras súa na entrada da cova. O galés nunca se recuperou daquela malleira, senón que quedou case tolleito para o resto da súa vida, e moi pobre. Volveu a miúdo por Craig-y-Dinas con algún amigo; pero nunca deron atopado o lugar, aínda que, ó parecer, revolveron por cada recuncho do monte.

A DAMA DE LLYN Y FAN FACH[1]

JOHN RHYS

No século XII, cando chegaba ó seu fin a época da azarosa loita dos Príncipes do Sur de Gales por manter a independencia do seu país, vivía en Blaensawdde, preto de Llanddeusant, en Carmarthenshire, unha muller, viúva dun labrego que morrera naqueles desastrosos acontecementos.

A viúva tiña un único fillo que criar. Pero a Providencia lle sorría e, malia a súa condición de desamparo, o seu gando fora aumentando tanto co tempo que a penas o daba alimentado co pasto da granxa. Entón, a viúva mandou parte do seu gando a pacer a un monte veciño, o Monte Negro. Alí, o lugar preferido do gando estaba preto do pequeno lago chamado Llyn y Fan Fach, na ladeira noroeste dos Carmarthenshire Fans.

O fillo medrou ata facerse un home. A súa nai adoitaba mandalo ó monte a coidar do gando. Un día, camiñando á beira do lago, contemplou, con gran sorpresa, a unha muller sentada sobre a auga en calma. Era unha das criaturas máis fermosas nunca vistas por un mortal; o seu cabelo, amañado cunha peita, caía sobre os seus ombros en elegantes bucles,

[1] *O Lago de Fan Fach (N. do T.)*

mentres a superficie cristalina do seu asento acuático servía de espello, reflectindo a súa propia imaxe. De súpeto, ela viu ó rapaz de pé á beira do lago, cos ollos cravados nela e ofrecéndolle inconscientemente as súas provisións de pan de cebada e queixo que trouxera da casa.

O rapaz, atordado por un sentimento de amor e admiración polo que tiña diante dos seus ollos, seguía estendendo a man cara á dama, que se achegou imperceptiblemente a el, rexeitando con dozura o ofrecemento das provisións. El tentou tocala, pero ela fuxiu dicindo:

"¡O teu pan está demasiado cocido!
Non é doado collerme".

E de contado mergullouse na auga e desapareceu, deixando que o rapaz, tolo de amor, volvese á casa, presa de decepción e tristura por non ser quen de trabar maior relación cunha dama coa que nin se podían comparar as fermosas mulleres de Llanddeusant e Myddfai[2].

Cando regresou á casa, o rapaz contoulle á súa nai a súa extraordinaria visión. Ela suxeriulle que a vindeira ocasión levase no peto masa crúa, posto que debía de haber algún feitizo, relacionado co pan demasiado cocido, que lle impedira coller á dama.

---

[2] *A parroquia de Myddfai era coñecida, en tempos pasados, polas súas fermosas doncelas; pero se elas descendían ou non da Dama do Lago, iso non se sabe. Unha vella estrofa deixou constancia da súa beleza deste xeito:*

Está branca a neve
no cume da montaña,
e verde o bosque de Verdre,
hai unha bonita bidueira nova
no bosque de Cwm-brân,
e rapazas fermosas en Myddfai. (N. do A.)

Á mañá seguinte, antes de que o sol tocase cos seus raios os picos das montañas, xa o rapaz estaba no lago, non coa intención de coidar o gando da súa nai, senón na procura da mesma visión feiticeira que presenciara o día anterior. Cheo de ansia, esforzouse por observar a superficie do lago; pero foi en van, xa que só viu as ondas provocadas por unha forte brisa e unha nube que colgaba pesadamente sobre o cume da montaña, entristecendo aínda máis o seu espírito atordado.

Pasaran as horas, o vento amainara e as nubes que envolveran o monte desapareceran ante os poderosos raios do sol; foi entón cando o rapaz quedou abraiado ó ver parte do gando da súa nai a carón dun precipicio, na outra beira do lago. A súa obriga era tentar salvalos daquela perigosa situación. Con tal intención, dirixíase a toda présa cara a alá cando, con inmenso pracer, apareceu de novo ante el aquela a quen tanto buscara e que agora semellaba moito máis fermosa que cando a vira por primeira vez. Estendeu de novo a man, chea de pan cru, ofrecendo tamén o seu corazón e o amor eterno. Pero ela todo llo rexeitou dicindo:

¡O teu pan non está cocido!
Non o vou tomar.

Pero o sorriso que amosaba o seu rostro mentres desaparecía baixo as augas fixo xurdir no rapaz unha esperanza que lle impedía caer na desesperación por aquel rechazo, e ese recordo animouno no camiño de volta á casa. A súa vella nai soubo do seu fracaso e suxeriu que a seguinte vez o pan estivese a penas cocido, e así seguramente había contentar ó misterioso ser do que se namorara.

Movido por un sentimento irresistible, á mañá seguinte o rapaz saíu da casa da nai moi cedo e atravesou o monte con paso apurado. Axiña chegou á beira do lago e, coa impaciencia dun amante apaixonado, agardou inquieto e febril a reaparición da misteriosa dama.

As ovellas e as cabras pacían nas ladeiras escarpadas do monte, espalladas entre as rochas; algunhas delas movíanse do sitio e caían a rolos no lago; choveu e fixo sol. Pero nada lle importaba ó rapaz; estaba completamente ensumido agardando que aparecese a dama.

O frescor da mañá deixou paso ós raios abafantes do sol do mediodía; logo o sol moveuse rapidamente cara ó oeste conforme a tarde ía chegando ó seu fin, facéndolle sitio ás sombras da noite; e ó rapaz case non lle quedaban esperanzas de volver contemplar á Dama do Lago. O rapaz botou unha triste ollada de despedida ás augas e, asombrado, viu unhas vacas camiñando pola superficie. A visión dos animais fixo revivir nel a esperanza de que logo deles aparecese algo bastante máis grato. Non quedou decepcionado, porque a doncela apareceu novamente, mostrándose, ós seus ollos fascinados, máis fermosa que nunca. Achegouse á terra, e el correu a encontrarse con ela na auga. Ela sorriu e iso alentouno a collerlle a man. Non rexeitou o pan a penas cocido que el lle ofreceu. E, seducida por el, consentiu en converterse na súa muller, coa condición de que deixarían de vivir xuntos cando ela tivese recibido del tres golpes sen razón,

tres golpes sen motivo.

Se el chegase a golpearlle tres veces, ela deixaríao para sempre. El aceptou aquelas condicións de contado, como

aceptaría, de propoñerlla, calquera outra condición, xa que o único que quería entón era facer daquela criatura tan fermosa a súa muller.

Así, a Dama do Lago comprometeuse co rapaz. Pero, nun instante en que el lle soltou a man, fuxiu mergullándose no lago. Foi tan grande o desgusto e a mágoa do rapaz que decidiu tirarse de cabeza ás augas máis fondas, para así acabar coa súa vida naquelas insondables profundidades que albergaban á única persoa pola que el tiña ganas de vivir en terra. Cando estaba a piques de cometer tal loucura, saíron da auga dúas fermosísimas damas, acompañadas por un home de pelo cano, aire nobre e extraordinaria estatura, pero que aínda conservaba toda a forza e a enerxía da mocidade. O home dirixiuse ó desconcertado rapaz nun ton tranquilizador, dicindo que, xa que pedira a man dunha das súas fillas, el estaba conforme coa unión, sempre que o rapaz puidese distinguir, entre as dúas mulleres, á que era obxecto do seu querer. Non era unha tarefa doada, pois as doncelas eran tan absolutamente iguais que lle parecía practicamente imposible identificar á súa noiva, e, se acaso escollía á que non era, todo estaría perdido.

Examinando con coidado ás dúas mulleres, o rapaz non daba atopado nin a máis mínima diferencia entre elas. Desesperado, xa estaba a piques de renunciar cando unha delas botou o pé un pouquiño para adiante. O movemento, aínda que fose tan simple, non se lle escapou ó rapaz, que descubriu unha pequena diferencia no xeito de atar as sandalias. Isto puxo fin ó dilema de contado, porque el, que quedara tan impresionado outras veces polo aspecto da Dama do Lago, tamén se decatara da beleza dos seus pés e dos seus nocellos. E, como recoñeceu o seu particular xeito de atar o calzado, colleuna da man con total seguridade.

"Escolliches ben", dixo o pai; "se es un marido bo e fiel, dareille como dote tantas ovellas, vacas, cabras e cabalos como dea contado sen coller aire. Pero lembra que se es malo e a golpeas tres veces e sen razón, volverá onda min e traerá de volta tódalas súas cousas".

Así quedou establecido o compromiso matrimonial, que o rapaz aceptou de boa gana. A noiva dispúxose a contar as ovellas que había levar. Decidiu contar de cinco en cinco: un, dous, tres, catro, cinco; un, dous, tres, catro, cinco; e así tantas veces como puido, a toda velocidade, ata que quedou sen folgos. Co mesmo xeito de contar fixouse o número de cabras, vacas e cabalos; e de seguido saíron do lago o número exacto de animais, conforme ás instruccións do pai.

Entón a xove parella casou (non se sabe como foi a cerimonia) e foron vivir a unha granxa chamada Esgair Llaethdy, a algo máis dunha milla de Myddfai, onde viviron prósperos e felices durante varios anos; e foron pais de tres fermosos nenos.

Nunha ocasión convidáronos a un bautizo preto de alí. Cando chegou o día do bautizo, a muller parecía moi pouco disposta a ir, dicindo que era demasiado lonxe para ir a pé. O marido díxolle que fose buscar un dos cabalos que estaban pacendo nun campo alí ó lado. "Irei", dixo ela, "se me traes as luvas que me quedaron na casa". El foi á casa e volveu coas luvas. Vendo que ela non fora buscar o cabalo, deulle en broma unha palmada no ombro cunha das luvas, dicindo: "veña, veña". Entón ela lembroulle o acordo ó que chegaran cando aceptara casar con el -que non lle había golpear sen razón- e advertiulle que tivese máis coidado de alí en diante.

Noutra ocasión, estando xuntos nunha voda, entre os risos e a alegría dos convidados que viñeran de tódolos pobos do arredor, ela botou a chorar e saloucou con moita tristura. O

seu home tocoulle no ombro e preguntoulle por qué choraba. Ela dixo: "Para esta parella empezan os problemas; e seguramente os teus van comezar tamén, xa que esta é a *segunda* vez que me golpeas sen razón ningunha".

Pasaron os anos; os fillos medraron e abofé que eran mozos intelixentes. Con tantas bendicións terreais no seu fogar, o marido case esquecera que só faltaba que dese *un* golpe sen razón para destruír toda aquela prosperidade. Pero estaba atento por se sucedía algún incidente insignificante que a súa muller puidese considerar que rachaba o seu contrato matrimonial. Como o seu amor por el seguía intacto, ela díxolle que tivese coidado de non darlle, sen decatarse, o único e derradeiro golpe que quedaba. Se non, por mor dun sino inalterable que ela non podía controlar, separaríanse para sempre.

Sen embargo, aconteceu que un día foron xuntos a un funeral. No medio do loito e da dor da casa do defunto, ela estaba dun humor inmellorable e non podía evitar rir, de tal xeito que o seu home, asombrado, tocouna e díxolle: "¡Cala!, ¡cala!, non rías". Ela dixo que ría "porque cando a xente morre acábanselles os problemas" e, erguéndose, saíu da casa dicindo: "¡Déchesme o derradeiro golpe; o noso contrato matrimonial está roto, chegou ó seu fin! ¡Adeus!". Entón marchou a Esgair Llaethdy, onde chamou ás súas vacas e ó resto

"Vaca pinta, a das pintas brancas,
Vaca pinta, a das pencas,
A manchada con herba dos catro campos,
A vella de cara branca,
E a gris Geingen,
E mailo touro branco,

Todos vós da corte do rei;
E mesmo o xato negro,
aínda que esteas colgado do garfo,
Vén ti tamén, ¡imos todos á casa!"

De contado, todos fixeron caso dos chamamentos da súa dona. O "xato negro", aínda que o mataran, volveu á vida e marchou co resto do gando obedecendo á dama. Isto ocorreu na primavera. Había tamén catro bois labrando a terra nun dos campos; e ela berroulles:

"Vós, os catro bois grises
Que estades no campo,
Vinde tamén
¡Imos á casa!"

Marchou o gando todo coa dama atravesando o Monte Myddfai cara ó lago de onde antes viñeran, que estaba a unhas seis millas. Alí, desapareceron baixo as augas, sen deixar pegada ningunha, agás un rego ben marcado, feito polo arado que os bois levaron a rastro para dentro do lago, e que permanece ata o día de hoxe como testemuño da verdade desta historia.

O que non conta a tradición é qué foi do labrego, se quedou asustado no campo cando os bois marcharon, ou se os seguiu ata o lago; tampouco se lembra a sorte do marido desconsolado e medio arruinado. Pero dos fillos dise que adoitaban deambular polo lago e os seus arredores, esperando que á súa nai lle permitisen volver visitar a face da terra, xa que

souberan da súa orixe misteriosa, da súa primeira aparición diante do seu pai e das adversas circunstancias que, por desgracia, os privaran do coidado materno.

Nun dos seus paseos, nun lugar preto de Dol Howel, no Monte Gate, aínda chamado "Porta do Menciñeiro", a nai apareceu de súpeto e abordou ó seu fillo máis vello, que se chamaba Rhiwallon. Díxolle que a súa misión na terra sería protexer á humanidade, aliviándoa da dor e da miseria, sandando todo tipo de enfermidades; con tal fin, deulle unha bolsa chea de receitas e instruccións médicas para conservar a saúde. Díxolle que, seguindo estas instruccións de alí en diante, el e a súa familia se converterían durante moitas xeracións nos mellores médicos do país. Entón a nai, prometéndolle que acudiría sempre que necesitase do seu consello, desapareceu. Pero máis dunha vez se reunía cos seus fillos á beira do lago, e unha vez mesmo os acompañou de regreso á casa ata o lugar aínda chamado o "Val dos Menciñeiros", onde lles amosou as clases de plantas e herbas que medraban no val e lles dixo das súas propiedades e virtudes. Os coñecementos que lles transmitiu, xunto coa gran pericia que demostraron, fixo que axiña acadasen máis fama que ningún outro. E para que o seu saber non se perdese, puxérono sabiamente por escrito para beneficio da humanidade de tódolos tempos.

O CAN NEGRO DO BOSQUE

FRANCIS GROOME

No norte de Irlanda había un rei e unha raíña que tiñan un fillo, chamado Jack. Cando lle chegase a idade, o fillo había de ser devorado polo Can Negro do Bosque; pero o pai tíñalle moito cariño ó seu fillo. Conforme se acercaba a idade en que había de ser devorado, o pai levábao a dar un paseo cada vez máis curto. Un día, enseloulle o mellor cabalo que tiña na corte e deulle todo o diñeiro posible. O fillo marchou ó galope, a canto daba o cabalo, ata que se fixo noite. Cabalgara centos de millas e agora podía ver unha pequena luz a pouca distancia, aínda que na escuridade ben podían ser cen millas. Dirixiuse cara á luz. Alí resultou vivir unha vella feiticeira.

"Entra", dixo ela, "fillo do rei do norte de Irlanda. Seica non che van ben as cousas".

Nada máis entrar, agachouno no caixón da cinza debaixo da cheminea. Non levaba alí nin vinte minutos cando chegou o Can Negro do Bosque, cuspindo longas lapas de lume pola boca. A vella e o seu cadelo, chamado Orellas, foron contra el e vencérono.

"Agora", dixo ela, "fillo do rei, xa podes saír. Xa podes tomar o té. Vencémolo".

Así que se ergueu, tomou o té con ela e deulle moitos cartos á vella, que dixo que tiña unha irmá que vivía a trescentas millas de alí. "Se das chegado alí, seguro que sabe qué has de facer para salvarte. Vouche axudar co que máis quero, que é Orellas, o meu cadelo. Dareicho para que vaia contigo".

Galopou e galopou ata que se fixo noite. Volveu a vista atrás; o cabalo estaba moi canso; e puido ver o Can Negro do Bosque tras súa. Galopou ata chegar á casa da outra irmá.

"Entra", dixo, "fillo do rei do norte de Irlanda. Seica non che van ben as cousas".

Outra vez, agachouno no caixón da cinza. A vella tiña un cadelo chamado Choutos. Se a noite anterior houbera unha dura pelexa, quince veces máis dura foi esta, con Orellas, Choutos e a propia vella.

"Ben", dixo ela, "fillo do rei, farei todo o que poida por ti. Dareiche a Choutos e dareiche a vara. Non esquezas o que che vou dicir sobre a vara. Sigue a esta bola de estame. Levarate dereito a un río. Alí verás o Can Negro do Bosque. Así como chegues ó río, bate na auga con esta vara e aparecerá unha ponte. Cando chegues á outra beira, con que batas na auga de novo, a ponte desaparecerá e o Can Negro do Bosque non poderá collerte".

Logo de cruzar o río, chegou a outro bosque. Correu e vagou polo bosque ata desesperar. Seguiu camiñando ata chegar a un castelo. Era o castelo dun rei. Entrou no castelo e o rei deulle traballo.

Un día díxolle: "Jack, ¿es bo disparando?"

"Si, señor", contestou; "sei disparar bastante ben. Podo disparar a moita distancia".

"Ben, Jack, ¿que tal se saímos ó bosque a pegar uns tiros?"

Mataron algúns paxaros e bestas salvaxes no bosque. Jack facíalle as beiras á filla do rei, ata que se namoraron. Jack levouna ó río para, entre risos e bromas, amosarlle o que podía facer coa vara. O rei quería unha ponte sobre o río, pero dicía que ninguén a podía facer.

"Querida", dixo Jack, "eu podo facela".

"¿Con que?", dixo ela.

"Coa miña vara".

Tocou a auga coa vara e xurdiu de contado a ponte máis fermosa nunca vista. Entre risos e bromas, marcharon e esqueceron a ponte. Ó día seguinte, saíu outra vez a disparar co rei. Mentres, o Can Negro do Bosque foi ó castelo do rei.

Díxolle á filla do rei: "Fagas o que fagas, Jack sairá mañá outra vez a cazar. Fai que Jack deixe os dous cadelos, porque quero devoralo. Fagas o que fagas, encérraos no soto. Eu seguirei a Jack ata o bosque. Se Jack me mata, hame traer ó lombo do seu cabalo. Nese caso, diraslle: '¡Jack!, ¿que vas facer con iso?'.'Vouno queimar', contestará. Queimarame ata que só queden as cinzas. Entón -cando Jack marche e me deixe alí- tes que coller un pao e remexer as miñas cinzas; nelas atoparás un óso da sorte. Cando Jack vaia para a cama, deixa caer ese óso da sorte na súa orella e nunca máis se erguerá. Entón podes collelo e enterralo".

A filla volveuse contra Jack, porque levara o perigo ó castelo.

Jack foi ó bosque a cazar e o Can Negro do Bosque seguiuno. Jack empezou a berrar. Agora o lume saía da boca do Can Negro do Bosque cen veces máis forte, mentres Jack seguía berrando.

"¡Deus!", berraba, "¿onde están Orellas e Choutos?"

Así como dixo estas palabras, non tardaron nin cinco minutos en chegar os dous cadelos, e houbo unha terrible

pelexa. Pero Jack venceuno e matouno. Levou para a casa o Can Negro do Bosque, ó lombo do seu cabalo. A filla do rei dixo: "¿que vas facer con iso?"

"Vouno queimar".

Queimouno ata que só quedaron as cinzas.

O Can Negro do Bosque dixéralle á filla do rei: "Cando Jack me queime ata que só queden cinzas, colle un pao pequeno, remexe nelas e atoparás un óso da sorte. Déixao caer na orella de Jack cando vaia para a cama e Jack non espertará nunca máis. Despois podes collelo e enterralo; logo de que Jack estea enterrado non se falará máis del".

E así o fixo. Cando Jack marchou para a cama, colleu o óso da sorte e fixo o que o Can Negro do Bosque lle dixera. Tirouno na orella de Jack e este morreu. Colleron a Jack para enterralo. Cando levaba tres días enterrado, o cura preguntouse por qué os dous cadelos non deixaban de pasear, tristes, ó redor da tomba. Non os daba botado de alí.

"Creo que vou desenterrar a Jack", dixo.

Cando o desenterraron e abriron a tapa do ataúde, Orellas saltou á cabeza de Jack e, dunha lambida, quitoulle o óso da sorte da orella. E Jack reviviu de contado.

Jack dixo: "¿quen demos me trouxo aquí?"

"Foi o rei quen te enterrou aquí, Jack".

Jack volveu cara á casa dos seus pais, cabalgando feliz ó lombo do seu cabalo. Orellas díxolle: "Jack, baixa e córtame a cabeza".

"¡Deus, non!, Orellas. Non podería facer tal cousa logo do bo que fuches comigo".

"Jack, se non o fas, heite devorar".

Baixou do cabalo e matou a Orellas. Cortoulle a cabeza. Seguiu camiño chorando por Orellas, polo que fixera. Un

pouco máis adiante, Choutos díxolle: "Jack, vas ter que baixar do cabalo e facer o mesmo comigo".

"¡Deus, non!", dixo. "Choutos, o meu corazón non me deixaría".

"Jack, se non baixas, heite devorar".

Jack baixou e cortoulle a cabeza. Seguiu camiño, chorando polos dous cadeliños. Mentres choraba, volveu a vista e viu que viñan tras súa as dúas damas máis fermosas que vira na súa vida.

"¿Por que choras?", dixéronlle as damas.

"Choro", dixo, "por dous cadeliños, dous marabillosos cadelos que tiña".

"¿Como se chamaban os teus cadelos?"

"Un chamábase Orellas e o outro, Choutos".

"¿Coñecerías os teus dous cadelos se os volveses ver?"

"¡Deus, si!", dixo Jack. "¡Abofé que si!"

"Ben, eu son Orellas, e esta é Choutos".

E así, Jack marchou á casa dos seus pais e viviu moi feliz o resto da súa vida.

O GRAN XIGANTE DE HENLLYS

ANÓNIMO

No século dezaoito, vivía á beira do Wye un home tan rico, malvado e tiránico que lle chamaban *O Gran Xigante de Henllys*. Cando morreu, todos se alegraron; pero a alegría non durou moito, porque regresou nunha forma tan terrible que ninguén se arriscaba a andar fóra logo de escurecer, e mesmo os cabalos e o gando se refuxiaban ó redor das granxas. Finalmente, decidiuse que había que botalo de alí e tres cregos foron en plena noite á igrexa de Henllys para exorcizalo. Debuxaron un círculo diante do altar e metéronse dentro del. Cada un deles tiña unha vela acesa na man e comezaron xuntos as súas oracións.

De súpeto, un monstro arrepiante apareceu na igrexa e achegouse a eles ruxindo, pero cando chegou ó círculo parou como se batese cun muro de pedra. Eles continuaron coas súas oracións, pero eran tan fortes os ruxidos e se achegaba tanto o monstro que o corazón dun dos homes tremeu e a vela que sostiña caeulle. Pero seguiron co seu exorcismo.

Entón, o xigante reapareceu, primeiro en forma de león, ruxindo, e logo como un touro rabioso; logo, semellou que unha onda do mar estivese anegando a igrexa e máis tarde

como se a parede do oeste estivese caendo. O segundo home vacilou na súa fe e alá foi a segunda vela. Aínda quedaba o terceiro, pero a súa vela non estaba nada firme. Ó final, o gran xigante apareceuse na súa forma humana; desconfiaron del e preguntáronlle por que se aparecera en formas tan espantosas.

"Fun malo como home", dixo, "e agora son peor como demo". E esvaíuse nun lóstrego de lume.

Despois, as velas volveron arder de novo e os cregos rezaron con firmeza. O gran xigante apareceuse en formas cada vez máis pequenas, ata que, finalmente, foi só unha mosca. Entón, mediante un conxuro, metérono nunha caixa de tabaco e tirárono á lagoa de Llynwyn, para que quedase alí durante noventa e nove anos. Algúns din que durante novecentos noventa e nove; pero, de tódolos xeitos, teñen moito coidado de non molestar á caixa de tabaco cando pescan na lagoa de Llynwyn.

A POTAXE DE CASCAS DE OVO

JOSEPH JACOBS

Hai en Treneglwys un barrelo de pastores coñecido co nome de Twt y Cymrws[1] debido a un estraño caso que alí sucedeu. Nun tempo viviron alí un home e a súa dona. Tiñan dous fillos xemelgos ós que a muller coidaba con moita tenrura. Un día chamárona para que fose á casa duns veciños que estaba bastante lonxe. Non lle gustaba moito a idea de ir aló e ter que deixar ós pequenos sós naquela casa solitaria, e menos aínda logo de que a boa xente do lugar lle dixese que alguén roldaba pola veciñanza.

Así e todo, alá foi e volveu de contado. Pero, cando viña de volta, asustouse ó cruzarse no camiño cuns vellos elfos, dos que levan enaguas azuis, malia ser aínda mediodía. Correu cara á casa, pero, cando chegou, viu que os seus dous cativos estaban no berce; todo parecía estar como o deixara antes.

Sen embargo, pasado un tempo, o matrimonio empezou a sospeitar que algo non marchaba ben porque os dous cativos non medraban.

---

[1] *Potaxe de cascas de ovo. (N. do T.)*

O home dixo: "Non son os nosos".

A muller dixo: "E logo, ¿de quen habían ser?"

E así comezou o caso polo que logo os veciños lle darían nome ó lugar. A muller estaba tan triste que unha noite resolveu ir visitar ó Sabio de Llanidloes, posto que este o sabía todo e podería darlle consello sobre qué facer.

Así que foi a Llanidloes e contoulle o asunto ó Sabio. Por aquel entón, ía ser a sega do centeo e da avea e o Sabio díxolle: "Cando lles prepares a cea ós segadores, baleira a casca dun ovo de pita e fai unha potaxe dentro; lévaa despois á porta coma se esa fose a cea dos segadores. Escoita logo se os dous xemelgos din algo. Se os sentes dicir algo que non sexa propio de cativos, cólleos e tíraos ó lago Elvyn. Pero se non sentes nada que te chame a atención, non lles fagas dano".

E así, cando chegou o día da sega, a muller fixo todo o que lle mandara o sabio. Puxo a casca do ovo no lume, sacouna logo á porta e alí quedou escoitando. Entón sentiu que un dos nenos lle dicía ó outro:

"Sabía que a landra vén antes que o castiñeiro,
o ovo, antes que a pita,
pero nunca oíra que unha potaxe de cascas de ovo
fose comida para segadores".

Así que entrou na casa, colleu os rapaces e lanzounos ó lago. Entón uns elfos, con pantalóns azuis, viñeron salvar os seus compañeiros e volvéronlle á nai os seus auténticos fillos, e así rematou o caso.

illa de
MAN

ORIXE DO SÍMBOLO DA ILLA

JOSEPH TRAIN

Os nativos da illa de Man din que antes da era cristiá a illa estaba habitada por Fadas e que tódolos asuntos se levaban de xeito sobrenatural. Afirman que sobre a illa flotaba permanentemente unha néboa azulada, que evitaba que os mariñeiros que pasaban por alí en barco chegasen a sospeitar que tiñan unha illa ó alcance da man. Así foi ata que uns pescadores, por mor do tempo, vararon na costa. Mentres preparaban unha fogueira na praia, quedaron abraiados por un aterrador ruído que xurdiu da escura nube que ocultaba a illa da súa vista. Cando a primeira charamusca de lume caeu na caixa de esca que levaban, a néboa comezou a desaparecer montaña arriba, seguida de preto por un obxecto que daba voltas, moi semellante a tres pernas de home unidas pola parte de arriba da coxa e separadas de tal xeito que parecían os raios dunha roda. Velaí o Símbolo da Illa.

O MISTERIOSO COMPRADOR DE CABALOS

GEORGE WALDRON

Un home de Man, que tiña sona de ser moi íntegro, como levaba tempo querendo vender un cabalo, levouno á feira con tal intención. De camiño, foi abordado, cando ía polo monte, por un home pequeno, vestido de paisano, que lle preguntou se quería vender o cabalo. "A iso vou", contestoulle quen me contou esta historia.

Entón o outro quixo saber o prezo.

"Oito libras", dixo.

"Non", contestou o comprador, "non lle dou máis de sete; así que, se lle parece ben, aquí ten o diñeiro".

O dono, pensando que a oferta era bastante boa, estivo de acordo e, logo de contar o diñeiro, un desmontou e o outro subiu ó lombo do cabalo. Segundo o fixo, a besta e mailo xinete afundíronse na terra, deixando ó vendedor completamente aterrorizado e confundido. En canto se recuperou un pouco, foi falar directamente co cura da parroquia e lle contou o que pasara, pedíndolle que lle dese a súa opinión sobre se debía usar o diñeiro que recibira ou non. Contestou que, xa que o trato fora xusto e non enganara, nin pretendera enganar, ó comprador, non

vía razón ningunha para pensar, mesmo no caso de que fose un espírito maligno, que lle había facer nada. Tranquilizado polo cura, volveu satisfeito á casa; e de alí en diante nada malo lle pasou por mor daquel asunto.


ESCOCIA

A MARCHA DOS ELFOS

HUGH MILLER

Aquilo ocorreu un domingo á mañá, cando tódolos habitantes dunha pequena aldea foran á misa e só quedaran na súa granxa un pastoriño e unha cativa, a súa irmá, xogando a carón da casa. Xusto cando a sombra no reloxo do xardín marcaba a liña do mediodía, os rapaces viron un longo desfile que marchaba polo valado enriba e desaparecía por un oco entre as árbores. Desfilaba en zigzag entre montículos e arbustos e, virando á altura do tellado da parte norte da casa, onde estaban os únicos espectadores da escena, comezou a subir o outeiro en dirección sur.

As monturas eran unhas cousiñas diminutas e peludas, con manchas pardas e grises; os xinetes eran criaturas ananas e feas, vestidas con anticuados corpiños a cadros, longas capas grises e pequenas puchas vermellas; de debaixo das puchas saían guechos despeiteados que lles caían sobre as meixelas e a fronte. O rapaz e a súa irmá quedaron mirando, totalmente abraiados, conforme ía pasando un xinete tras doutro, cada un máis bruto e minúsculo que o anterior. Pasaban por diante da casa e desaparecían por entre os matos que daquela cubrían o outeiro, ata que por

fin pasou a compaña toda, agás o derradeiro xinete, que viña uns metros por detrás dos outros.

"¿Quen sodes, pequena criatura, e onde ides?", preguntoulle o rapaz, en quen a curiosidade superara ó medo e á prudencia.

"Non somos da estirpe de Adán", díxolle aquel ser, virándose un pouquiño na súa sela; "nunca máis veredes por Escocia á xente de paz".

COMO O LOBO PERDEU O RABO

JOHN FRANCIS CAMPBELL

Un día o lobo e o raposo saíron xuntos e roubaron un prato de *crowdie*[1]. O lobo era, dos dous, a besta máis grande; tiña un rabo tan longo como o dun galgo e grandes dentes.

Como o raposo lle tiña medo, non se atreveu a dicir nin unha palabra cando o lobo comeu a maior parte do *crowdie*, deixándolle só un pouco no fondo do prato, pero decidiu castigalo por iso; así que á noite seguinte, cando saíron xuntos, o raposo dixo:

"Cheiro un queixo moi rico; mira (sinalando o reflexo da lúa sobre o xeo), aí esta".

"¿E como o vas coller?", dixo o lobo.

"Ben, queda aquí mentres miro se o granxeiro está durmido. Se pos o rabo sobre o queixo, ninguén poderá verte nin saber que está aí. Non o movas. Se cadra, tardo un pouco en volver".

E así, o lobo deitouse e puxo o rabo sobre o reflexo da lúa no xeo; así quedou durante unha hora, ata que estivo profundamente durmido. Entón o raposo, que o estivera observando,

---

[1] *Comida típica escocesa. (N. do T.)*

correu onda o granxeiro e díxolle: "O lobo anda aí; vai comer ós cativos; ¡o lobo!, ¡o lobo!"

Entón o granxeiro e a súa muller saíron con paos para matar ó lobo, pero o lobo saíu correndo, deixando o rabo tras súa. E esta é a razón de que ata hoxe en día o lobo teña o rabo mocho, mentres que o raposo ten unha longa cola.

DIARMAID E GRAINNE

JOHN FRANCIS CAMPBELL

ionn ía casar con Grainne, a filla do Rei de Carmag, en Irlanda. Os nobres e grandes señores do *Feinne* acudiron á voda. Organizouse unha gran festa, que durou sete días e sete noites. Cando rematou, os cans tiveron a súa propia festa coas sobras.

Diarmaid era un home realmente bo. O caso é que tiña a *bola seirc*, un lunar de amor na cara, que adoitaba ocultar baixo o seu sombreiro; facíao así porque calquera muller que chegase a verlle, por un casual, a *bola seirc* se namoraría del.

Os cans comezaron a pelexar violentamente e os heroes do *Feinne* fóronos apartar; cando Diarmaid estaba apartando ós cans, botou para atrás o sombreiro e Grainne viu a *bola seirc*, namorándose perdidamente de Diarmaid.

Contoullo a Diarmaid e díxolle: "Fuxirás comigo".

"Non o farei", dixo Diarmaid.

"É o meu desexo; polo tanto, vas vir comigo".

"Non vou ir contigo; non te vou levar nin polas boas, nin polas malas; non vou saír contigo, nin vou entrar contigo; non te vou levar de a cabalo, nin te vou levar de a pé", dixo.

Marchou desgustado e foi a un lugar distante, onde construíu unha casa, e alí se estableceu.

***

Unha mañá alguén chamou e resultou ser Grainne: "¿Estas aí dentro, Diarmaid?"

"Estou".

"Sal aquí fóra e marcha comigo agora mesmo".

"¿Non che dixen xa que non te había levar de a pé nin te había levar de a cabalo, que non había saír contigo nin había entrar contigo, e que non había ter nada que ver contigo?"

Ela estaba xusto no medio da porta, montada sobre un chibo. "Non estou fóra, nin estou dentro; non vou de a pé nin vou de a cabalo, e ti debes marchar comigo", díxolle ela.

"Non hai sitio ningún onde poidamos ir sen que Fionn nos descubra cando poña a man baixo o seu dente da sabedoría, ¡e vaime matar por marchar contigo!"

"Iremos a Carraig; hai tantos Carraigs que non saberá en cal podemos estar".

***

Foron a *Carraig an Daimh*[1].

Fionn sentiu gran carraxe cando se decatou de que a súa muller marchara, e saíu a buscala.

Diarmaid e Grainne marcharon ata Ceantire, sen a máis mínima pausa, sen deterse en ningures, ata que chegaron a Carraig an

[1] *Literalmente, "o penedo do cervo". (N. do A.)*

Daimh, na bisbarra de Ceantire, preto de Cille Charmaig.

Diarmaid era bo carpinteiro e pasaba o día facendo pratos e pescando; Grainne adoitaba saír para vender os pratos, e durmían en camas separadas.

***

Un día chegou polo camiño un home vello, grande e desamañado, que se chamaba Ciofach Mac a Ghoill. Sentou e botouse a xogar a *dinnsirean*[2]. A Grainne gustoulle aquel vello e ambos urdiron unha intriga para matar a Diarmaid.

Diarmaid estaba traballando, facendo pratos. O vello púxolle a man enriba; el volveuse contra o vello, e lanzáronse o un contra o outro. O vello era bastante forte, pero finalmente Diarmaid puido con el. Ela colleu o *gearrasgian*, o coitelo, e cravoullo a Diarmaid na coxa.

Diarmaid marchou, tropezando dun lado a outro; a penas conservaba a vida. Foille medrando o pelo e a barba. Camiñando, chegou a Carraig; tiña un peixe e pediu que llo deixaran asar. Mentres o asaba, meteu os dedos nun cacharro con auga que alí había. Calquera cousa que Diarmaid tocase adquiría o sabor do mel, e estaba metendo os dedos naquel cacharro. Grainne probou un anaco do peixe e notoulle o sabor a mel.

Chegou o vello Ciofach para atacar a Diarmaid e empezaron a bater o un co outro, pero finalmente Diarmaid matou a Ciofach e volveu marchar; fuxiu e marchou ata Loch a Chaisteil.

***

[2] *Significa xogar ós dados, pero tamén significa procurar a inimizade nunha parella, tentar separalos. (N. do A.)*

Cando Grainne viu que Ciofach estaba morto, foi tras Diarmaid. Cara ó mencer chegou á praia; alí había unha garza berrando. Diarmaid estaba no alto da montaña, e Grainne dixo:

"É cedo para que berre a garza,
sobre o outeiro de Sliabh gaoil.
Oh, Diarmaid O Duibhne, a quen dei o meu amor,
¿por que razón berra a garza?"

"Oh, Grainne, filla de Carmaig dos Corceis,
que nunca deches un paso a dereitas,
parece ser que antes de berrar
a garza mancouse nunha pata".

"¿Non che gustaría comer algo de pan e de carne, Diarmaid?"

"Se tivese, abofé que comería, porque o preciso".

"Vén e dareiche; ¿onde pode haber un coitelo para cortar o pan e a carne?"

"Busca a vaina onde o puxeches a última vez", dixo Diarmaid.

O coitelo seguía na coxa de Diarmaid desde que ela llo cravara, porque el nunca quixera quitalo. Grainne arrincou o coitelo; nunca tanta vergonza pasara como cando tivo que arrincarlle o coitelo a Diarmaid.

***

Diarmaid temía que o *Feinne* os puidese descubrir e fuxiron cara a Gleann Eilg[3].

[3] *Fronte ó estreito da illa de Skye. (N. do A.)*

Subiron pola beira dun regato que alí había; alí se estableceron, e durmiron en camas separadas.

Diarmaid facía pratos e as labras da madeira baixaban polo regato ata a praia.

***

Os *Fiantan*[4] estaban cazando ó pé da praia e ían tras un violento xabaril do que perderan a pista. Fionn observou as labras ó pé do regato.

"Esas" dixo, "son as labras de Diarmaid".

"Non son; Diarmaid está morto", dixéronlle.

Así o fixo; un dos pelos entroulle no lunar e caeu.

Fionn sentiu mágoa por el cando o viu caído.

"Abofé", dixo Fionn, "que son súas. Imos berrar o grito de caza ¡*Foghaid*! e, onde queira que estea, haberá de responder, porque xurou facelo".

Diarmaid escoitou o *Foghaid*.

"Ese é o *Foghaid* dos *Fiantan*; debo responder".

"Non respondas ó berro, oh Diarmaid;
é un berro mentireiro".

Diarmaid respondeu ó berro e baixou ata a praia. Acordouse que Diarmaid cazase o xabaril. Diarmaid encirrou ó xabaril desde Bein Eidin ata Bein Tuirc[5].

---

[4] *Membros do* Feinne; *é dicir, guerreiros e cazadores que acompañaban a Fionn, moi semellantes ós cabaleiros da Táboa Redonda. (N. do T.)*

[5] *Dúas montañas. (N. do A.)*

Mentres o arrastraba pola gran montaña abaixo,
a besta ía levando a Diarmaid cara ó mar.
As súas terribles garras estaban retorcidas,
como trenzas de xunco murchas.

Diarmaid arrincou a espada que Lon Mac Liobhain[6] fixera, púxoa baixo a axila e matou ó xabaril.

Isto non abondou para que Fionn tomase vinganza de Diarmaid. Diarmaid tiña un lunar na planta do pé e con que un pelo do xabaril se lle cravase no lunar morrería.

Dixo Fionn:

"Oh, Diarmaid, mide o xabaril.
¿Cantos pés mide desde o fouciño ata o pezuño".

Diarmaid mediu o xabaril.

"Mide dezaseis pés".

"Mide o xabaril poñendo os pés sobre o seu pelo".

Así o fixo; un dos pelos entroulle no lunar e caeu.

Fionn sentiu mágoa por el cando o viu caído.

"¿Hai algo que te poida aliviar, Diarmaid?".

"Sentiríame mellor se puidese beber un pouco de auga traída por Fionn nas palmas das súas mans".

Fionn foi buscar auga; se pensaba en Grainne, deixaba caer a

[6] *Fabricante de espadas coñecido na illa de Man como ferreiro negro de Drontheim. (N. do A.)*

auga; se pensaba en Diarmaid, sentía mágoa e leváballe a auga. Pero para cando regresou, Diarmaid xa estaba morto.

Ascenderon pola beira do regato ata onde estaba Grainne; entraron na casa; viron as dúas camas e comprenderon que Diarmaid era inocente. Os *Feinne* sentíronse terriblemente tristes polo que acontecera. Queimaron a

Grainne, filla de Carmaig dos Corceis,
que nunca dera un paso a dereitas,
con leña de carballo gris.

illas HÉBRIDAS

GARLATHA

JOHN GREGORSON CAMPBELL

Gisque houbo un tempo en que as illas máis remotas do oeste eran tres territorios separados e independentes; a parte norte da Illa Longa (Lewis) estaba gobernada por un tal Cenmal[1], que era rei, mentres que a parte sur, Harris, era propiedade dun príncipe; outro rei, chamado Keligan[2] posuía Uist, que está máis ó sur. Así, Lewis e Uist tiñan rei, mentres que en Harris só había un príncipe.

A este príncipe, que era famoso polo seu valor e bravura, tíñanlle gran estima os seus súbditos, polos bos consellos que amablemente lles daba e polos favores que lles concedía. Desaprobaba os altercados e celos entre os seus subordinados e veciños, e divulgaba entre eles o coñecemento de moitas artes útiles. Fomentaba o traballo manual, así como o exercicio físico e o recitado de poemas, romances, etc. A súa esposa, Garlatha, non quedaba atrás en bondade cara ós que a rodeaban. Promovía entre eles hábitos de aforro e traballo, e lles aprendía os métodos para preparar diferentes clases de raíces,

---

[1] *Calvo, en gaélico (N.do T.)*

[2] *Delgado, en gaélico (N.do T.)*

gran e plantas como comida e medicina, a ser amables e tenros cos febles e os enfermos, e a levar unha boa vida. Así, a xente da súa terra sentíase contenta e non procuraba cambio ningún.

Garlatha morreu, disque arredor do 800 d.C. (hai diso moito tempo); pero, cando queira que fose, marchou e non houbo que facerlle. Deixou unha filla pequena, á que chamaron como á súa nai, Garlatha. Conforme a nena medraba, víase que herdaba o bo carácter da súa nai e gustaba igual á xente. Cando se empezou a falar dela e a facer comentarios, comezaron a aparecer numerosos pretendentes. O rei que gobernaba en Lewis sentiu ansia de coñecela e tomou o barco para ir vela. O rei de Uist seguiu o mesmo camiño.

Un día, o seu pai díxolle: "Filla, antes de morrer, desexo verte casada cun bo home. Estou mirando cal dos que te veñen ver é o máis axeitado e creo que che convirá mellor o de Lewis".

A filla prefería ó rei de Uist, pero, por mor do consello do seu pai, fíxose vir ó rei de Lewis para casar con ela. Moi contento de como fora recibido, fixéronse tódolos preparativos e casaron.

Logo a noiva díxolle a unha criada: "Has entrar na festa entre os convidados; eu voume agachar".

E así foi. Os convidados sentaron na festa sen a noiva, pola que esperaron moito tempo. Cando viron que non ía volver, preguntaron a todos qué fora dela ou onde estaba, pero ninguén o sabía. Preguntáronlle á criada, pero non sabía qué dicir ou qué inventar acerca de onde atopar á noiva perdida.

Pasaba o tempo e organizouse unha busca na súa procura, pero non a atoparon. Buscárona por todas partes, onde queira que puidese estar, pero sen éxito. Pasou a noite, o banquete quedou intacto e os invitados, tristes. Ó día seguinte, a busca

continuou polas praias e polos outeiros, en tódalas direccións, día tras día, ata que non quedou sitio ningún, de punta a punta da illa, por pequeno que fose, no que non mirasen. Pero non había pegada ningunha dela. O pai continuou vagando, buscando en van, durante moitos anos logo de que morrese toda esperanza de atopala. Ó remate, víaselle dar a volta, co báculo que levaba na man, a cantas follas atopaba e mesmo mirar baixo o musgo. Morreu sen dala atopado.

Aquel territorio pasou logo douscentos anos sen que ninguén o gobernase. Despois, MacLeod tomou posesión do país e comezou a construír novas casas. As vellas moradas volvéranse inhabitables; caéralles o tellado. Limpando unha daquelas casas, encontraron unha vella arca. Cando a moveron, a parte inferior quedou no chan. Sobre ela descubriron o esqueleto dunha muller, cada óso no seu sitio, e ó seu carón o anel de voda, tan novo como o día en que o puxera no dedo, gravado co nome "Garlatha". E de aí vén esta historia.

ÍNDICE

Introducción 7

Bretaña

Os pezuños de vaca encantados. Yann Brekilien 17
Xaneiro e Febreiro. Yann Brekilien 27

Illa de Wight

A lenda de Black Gang Chyne. Abraham Elder 39

Irlanda

As gaiolas de almas. Thomas Keightley 49
Fior Usga. Thomas Crofton Croker 65
O cabalo encantado. Thomas Crofton Croker 69

Gales

Os guerreiros dormentes. Elijah Waring 75
A dama de Llyn y Fan Fach. John Rhys 81
O Can Negro do Bosque. Francis Groome 91
O gran xigante de Henllys. Anónimo 97
A potaxe de cascas de ovo. Joseph Jacobs 99

Illa de Man

Orixe do símbolo da illa. Joseph Train 103
O misterioso comprador de cabalos. George Waldron 105

Escocia

A marcha dos elfos. Hugh Miller 109
Como o lobo perdeu o rabo. John Francis Campbell 111
Diarmaid e Grainne. John Francis Campbell 113

Illas Hébridas

Garlatha. John Gregorson Campbell 123

Este volume, segundo da colección **TrisTram Relatos**, recolle historias tradicionais de Bretaña, Wight, Irlanda, Gales, Man, Escocia e as illas Hébridas. Os máis dos relatos aquí incluídos foron recollidos por investigadores do século XIX ó abeiro dunha corrente afanada en conservar unha cultura, a popular, que corría o risco de desaparecer. Xentes como Thomas Crofton Croker, John Francis Campbell ou Joseph Jacobs, a quen debemos a presente versión escrita duns contos orixinados na memoria e na rica imaxinación dos pobos celtas.

Tris Tram Relatos:

1.- Contos de fantasmas
2.- Contos celtas

De próxima aparición:

3.- Contos de Edgar Allan Poe
4.- Contos de E.T.A. Hoffmann
5.- Contos do Oeste